

INFORME DE SEGUIMIENTO**2025****CURSOS ACADÉMICOS**

2020/21 - 2023/24

**ESCOLA INTERNACIONAL DE
DOUTORAMENTO
UNIVERSIDADE DE VIGO**

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Programa de Doutoramento en Estudos Literarios
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Universidade de Vigo e Universidade de Coruña
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución (Universidade de Vigo) e Facultade de Filoloxía (Universidade da Coruña)
CÓDIGOS ISCED	2, 22, 212, 220, 222, 223, 229, 312
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-2014
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	12/05/2021

Aprobado pola CAPD do programa o día 20 de maio de 2025

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día DD de maio de 2025

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como recolle a memoria vixente, o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios (PDIEL) continúa a ofrecer unha formación avanzada e especializada que permite adquirir unha sólida capacidade investigadora, non só nos eidos das literaturas en lingua española, galega ou portuguesa, senón tamén noutros ámbitos das Humanidades, como as artes escénicas, a teoría da literatura, os estudos de xénero, entre outros. Ademais, o PDIEL habilita o alumnado egresado para diferentes ámbitos da transferencia de coñecemento e innovación social.

A relevancia científica dos estudos literarios, culturais e artísticos que promove o PDIEL continúa a orientarse polo *Libro Blanco da Investigación en Humanidades* (FECYT, 2006: 20-21), onde se salienta a contribución desta área ao coñecemento básico, á análise crítica do discurso, ao seu papel como depositarios do legado social e á configuración do canon de comportamento social. A revisión e actualización recente deste documento pola Comisión de Humanidades da FECYT, baixo o título *Libro Blanco da Interrelación entre Arte, Ciencia, Tecnología y Sociedad en España 2023*, foi tamén tida en conta para axustar a formación ofrecida no programa, tendo en conta a importancia de "crear pontes entre axentes, proxectos e persoas para fomentar a transversalidade entre disciplinas e sectores" (2023: 117).

Neste sentido, o PDIEL leva cumprindo de maneira integral coa exigencia de desenvolver investigacións orixinais, deseñar proxectos baseados en análises críticas e fomentar a capacidade do alumnado para incorporarse activamente ao debate científico, evidenciando así o logro dos obxectivos marcados para o nivel 4 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).

Durante os catro cursos que son obxecto deste seguimento, o PDIEL contou cun número significativo de persoas egresadas, froito da defensa de 24 teses ata finais do curso 2023-2024. O perfil de egreso predominante corresponde á docencia universitaria, mais tamén á docencia no ensino secundario ou noutras institucións afíns (conservatorios, escolas de profesorado, centros privados, etc.).

As teses xa defendidas, xunto cos proxectos en curso, constitúen achegas orixinais nas súas respectivas áreas de investigación, baseadas en metodoloxías actualizadas. Ademais, o número de sexenios, publicacións, proxectos de investigación e outras actividades desenvolvidas polo profesorado do programa —coa participación activa do alumnado de doutoramento—, así como o elevado número de contribucións

científicas realizadas por doutorandas e doutorandos, poñen de manifesto que o PDIEL se atopa plenamente actualizado en relación cos avances científicos nas súas áreas de coñecemento.

O programa está plenamente integrado nas respectivas estratexias de I+D+i das dúas universidades participantes, de acordo co establecido no Real Decreto 99/2011 (Art. 8.2). Os plans estratéxicos da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo coinciden na necesidade de fomentar a cooperación internacional, promover a mobilidade tanto dentro como fóra de Europa e atraer talento internacional, entre outros obxectivos. A través do impulso á mobilidade do estudiantado de doutoramento, o PDIEL ten favorecido significativamente a realización de teses con recoñecemento internacional e a promoción de cotutelas, aliándose plenamente coas estratexias institucionais de ambas universidades.

Grupos de investigación relacionados co programa e relación cos centros de investigación da universidade:

- Universidade da Coruña: Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA, ANEP grupo A y GPC Xunta 2023-2025), Grupo de Investigación en Lengua, Literatura y Cultura Hispánica (HISPANIA, ANEP grupo A e GPC Xunta de Galicia 2022-2024), Literatura y tecnologías da Comunicación (Litecom) e o Grupo de Estudios Territoriales (GET, GRC Xunta de Galicia 2024-2027).
- Universidade de Vigo: Ediciones y Estudios de Literatura Española (e-LITE), Grupo de Investigación ELICIN - Elyce/Literacine, Grupo de Investigación en Estudios Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BiFeGa, GRC Xunta 2024-2027), Grupo Lingua e Literatura Galegas (LIGA), Feminario Interdisciplinar "Teoría Feminista e Teoría QUEER", I Cátedra Internacional José Saramago (financiada internacionalmente por el Camões I.P. e a Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologías - Lisboa, así como a través de convocatorias competitivas), Jangada — Rede Internacional de Cátedras, Centros de Investigación e Associações (galegas e lusófonas), o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), o Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa (ILCML) e a Fundación Rosalía de Castro (FRC).

Valor do programa na estratexia galega, nacional e europea de I+D+i:

Tanto en Galicia (RIS3 Galicia) como no conxunto do Estado (EECTI) e da UE (Programa Marco Europeo – Horizonte Europa 2021–2027), as Humanidades (nos que se integran os Estudos Literarios) non se tratan como un eixo illado senón como unha compoñente estratéxica transversal. A tendencia común das tres estratexias, e que o PDIEL foi levando á práctica nos seus dez anos de existencia, é potenciar a capacidade crítica e transformadora, fomentar a interdisciplinidade e a transferencia social e enlazar a produción científica co benestar, o patrimonio, a innovación e a democracia.

En concreto, a Estratexia Galega de I+D+i (RIS3 Galicia), centrada na especialización intelixente, procura aliñar a investigación coas necesidades sociais e produtivas do territorio, no que o PDIEL se insire estar orientado cara á transferencia de coñecemento e á innovación cultural. O RIS3 Galicia recoñece o valor transversal das Humanidades, especialmente no ámbito do patrimonio cultural, da creatividade e da innovación social.

É precisamente neste contexto onde o PDIEL segue contribuíndo de forma significativa na transferencia de coñecemento, na posta en valor do patrimonio literario, así como na participación en iniciativas interdisciplinares con impacto territorial, en diálogo co tecido cultural e educativo galego e español.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PDIEL ofrece un total de 12 prazas anuais na UDC, mentres que na UVIGO este número se reduciu a 10 no curso 2016/2017. O número total de prazas dispoñibles é actualmente de 22 (IPD1), reservadas para estudantes que cumpran estritamente cos requisitos establecidos no punto 3.2 da memoria. A relación entre demanda e admisión (IPD2 e IPD3) no período analizado é de 40/27 na UVIGO, 43/27 na UDC e 83/54 no total, o que reflicte un equilibrio practicamente perfecto entre ambas institucións. O perfil de ingreso do estudantado continúa a ser plenamente coherente coas características sinaladas na memoria (EPD3) e coa distribución das liñas de investigación.

Aínda que o PDIEL está orientado a licenciados/as ou graduados/as en Estudos Literarios en español, galego ou portugués, o programa admite tamén estudantes doutras titulacións da rama de Artes e Humanidades por afinidade, sen establecer diferenzas nin prioridades. No caso de candidaturas procedentes dos mestrados de carácter literario organizados pola UDC ou pola UVIGO, a memoria prevé unha admisión automática, sen necesidade de complementos formativos. Pola contra, nas candidaturas de alumnado procedente de mestrados que non inclúan estudos literarios, a CAPD continúa coa práctica de determinar, en función do CV e do proxecto de tese, a realización de actividades formativas complementarias (entre un mínimo de 9 e un máximo de 15 créditos). Esta formación deberá cursarse en graos ou mestrados en estudos literarios, particularmente aqueles vinculados ás literaturas en lingua castelá, galega e portuguesa, impartidos pola UVIGO ou pola UDC, sempre coa autorización expresa da Comisión Académica. No período obxecto do seguimento non houbo estudantes que precisaron complementos formativos nas dúas universidades (IPD7). As medias da porcentaxe de procedencia doutras universidades durante o período de seguimento (UVIGO: 56,3%; UDC: 57,8%; IPD5), así como a do alumnado internacional (media UVIGO: 20,1%; UDC: 18,7%; IPD6), aumentaron de xeito significativo respecto ao Seguimento de 2021 (cando as medias conxuntas eran do 15,8% e 12,8%, respectivamente). Estes incrementos dan conta da crecente atractividade do programa a nivel supraautonómico e internacional, unha tendencia que se mantén e mesmo se reforza na actualidade, evidenciando a eficacia das medidas de divulgación adoptadas.

O desequilibrio na matrícula entre as dúas liñas de investigación foi unha das cuestións sinaladas no Informe Final de Acreditación 2021, que incluía recomendacións ao respecto. No período anterior, a Liña de Investigación 1 (Literaturas e Culturas Galega e Portuguesa & Literatura Medieval) contaba cun terzo do alumnado matriculado respecto da Liña 2 (Literatura en Lingua Española & Literatura Comparada). No período actual, este desequilibrio reduciuse ata unha media de 11,8 matriculados/as na Liña 1 fronte a unha media de 21,5 na Liña 2 (IPD13). No curso 2024-2025, a diferenza diminuíu aínda máis, e prevese que esta tendencia se consolide no futuro.

En termos xerais, esta diferenza explícase por: a) a menor matrícula habitual nos graos de Lingua e Literatura Galega en comparación cos de Lingua e Literatura Española dentro do SUG; e b) a inexistencia de estudos superiores en lingua e literatura portuguesas no propio SUG, unha desproporción e unha limitación que tamén se trasladan ao ámbito do doutoramento.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades e os mecanismos de supervisión previstos na planificación do plan de estudos (cf. punto 5.1 da Memoria) continúan a aplicarse anualmente. Así, no primeiro ano tras a matrícula, asígnanse regularmente titoras/es e directoras/es ao estudantado. Nas datas establecidas nos calendarios anuais de doutoramento de cada universidade, procédese cada ano á aprobación dos plans de investigación do alumnado de nova incorporación. Do mesmo xeito, de forma anual, a CAPD revisa e aproba os informes correspondentes relativos aos cursos ou seminarios de formación, á participación en congresos ou simposios, ás estadías, ao traballo científico obrigatorio e ao conxunto das demais actividades formativas. Cando corresponde, estes informes tamén son avaliados polas respectivas comisións de EIDO das dúas universidades.

Como mecanismo adicional e de carácter voluntario, o PDIEL organiza un Coloquio ou Seminario Internacional de Estudos Literarios de periodicidade bianual (ou anual nalgúns casos), dirixido especificamente ao seu estudantado. Nel, o alumnado presenta os seus proxectos de tese en formato de comunicación para debatelos con especialistas internacionais convidados/as para a ocasión. Nas catro últimas edicións do coloquio, o estudantado do PDIEL participou activamente, presentando comunicacións sobre o desenvolvemento das súas teses.

Paralelamente, todo o alumnado prepara, baixo a orientación do seu equipo de dirección, polo menos un artigo académico, que é sometido ao proceso de revisión por pares dunha revista especializada, co obxectivo da súa posterior publicación. Estimúlase tamén a publicación de máis dun traballo antes da defensa da tese. Ademais, valóranse e promóvense a asistencia e participación en coloquios e congresos organizados por outras institucións, programas de doutoramento, etc.

A seguinte táboa ofrece unha visión conxunta das actividades realizadas anualmente e dos mecanismos de control aplicados:

Planificación das actividades formativas e cronograma				
Período	Actividades doutoranda/o	Mecanismo de control 1	Mecanismo de control 2	Mecanismo de control 3
Ano 1	Elaboración e presentación do proxecto de tese (obrigatorio).	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Aprobación e informe CAPD.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Estudantado doutros mestrados que non inclúan estudos literarios han de realizar complementos de formación: entre 9 e até un máximo de 15 créditos de estudos literarios relacionados coas literaturas en lingua castelá, galega ou portuguesa en programas de mestrado o grao vixentes na UVigo ou na UDC (non computarán a efectos da duración total).		Informe da CAPD das actividades realizadas durante o primeiro ano.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Participación obrigatoria en cursos ou seminarios de formación. Asistencia facultativa a congresos ou simposios.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.		
	Asistencia facultativa ao Coloquio Internacional de Estudos Literarios, dirixido especificamente ao estudantado do PD cunha comunicación sobre o proxecto de tese.	Aceptación da proposta de comunicación polo Comité científico do Coloquio.	Debate do proxecto presentado con especialistas convidadas/os.	
Ano 2	En caso de optar ao título de “doutor/a internacional”: estadia dun mínimo de tres meses fora de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación (en casos excepcionais, con autorización previa da CAPD, a estadia poderá realizarse ao longo do terceiro ano). Outras estadias facultativas.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Aprobación e informe CAPD.	
	Participación en cursos ou seminarios de formación. Asistencia facultativa a congresos ou simposios.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Informe da CAPD das actividades realizadas durante o segundo ano.	Aprobación EIDO-UVigo / EIDUC
	Redacción da tese de doutoramento.	Supervisión e aprobación periódica titor/a e/ou director/a.		
	En caso de haber asistido cunha comunicación sobre o proxecto de tese ao Coloquio Internacional de Estudos Literarios no ano anterior, submisión dun artigo derivado a unha revista Hesperia, ou outra.	Aprobación e informe titor/a e/ou director/a.	Proceso de <i>peer reviewing</i> da revista.	
Ano 3	Redacción da tese de doutoramento.	Supervisión e aprobación periódica titor/a e/ou director/a.		
	Depósito da tese de doutoramento.	Aprobación e informe titor/a	Aprobación e informe da	Aprobación EIDO-UVigo /

Resultados de satisfacción en relación coa supervisión dxs doutorandxs e coas actividades formativas:

As medias das enquisas de satisfacción realizadas durante o período obxecto de seguimento son, en termos xerais, moi positivas:

- Estudantado de 1º ano da UVigo: 4,25/5 (participación: 40,2%); UDC: (participación: 0%).
- Estudantado de 3º ano da UVigo: 4,24/5 (participación: 54,6%); UDC: 4/5 (participación: 13,12%).
- Profesorado: UVigo: 4,21/5 (participación: 16,7%); UDC: 3,61/5 (participación: 45,5%).
- PAS: UVigo: 4,17/5 (participación no curso 2020/21: 50%); UDC: 3/5 (participación no curso 2022/23: 43%).

Cómpre, con todo, matizar estes datos sinalando que a participación do estudantado na UVigo podería ser máis alta e que, no caso da UDC, resulta claramente insuficiente. Esta situación explícase polas dificultades habituais á hora de motivar a participación do estudantado nas enquisas, unha práctica con pouco tempo de implantación no ámbito do doutoramento e cuxo procedemento, especialmente no caso da UDC, debe ser aínda mellorado. Tamén se trata dun problema que afecta o profesorado e o persoal de administración e servizos (PAS), nos cales a taxa de resposta foi, en ambos os casos, baixa ou mesmo esporádica no caso do PAS.

Tendo en conta que a satisfacción do estudantado é o indicador máis relevante neste tipo de avaliacións, unha participación próxima ao 50% durante o período analizado na UVigo —e cunha valoración media elevada— pode ser extrapolado ao conxunto en xeral e interpretarse como un indicio sólido de que a supervisión dos proxectos de tese e das actividades formativas estivo á altura do esperado, ou mesmo superou os estándares establecidos.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coordinación coas outras universidades que forman parte do programa:

O órgano de coordinación do programa de doutoramento é a Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD), encargada do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do PDIEL. Así mesmo, a CAPD é responsable do seguimento do progreso investigador e formativo de cada estudante, así como da autorización para o depósito da súa tese.

A composición da CAPD e as súas competencias, xunto cos requisitos para exercer a coordinación do programa, axústanse ao disposto nos artigos 4, 5 e 6 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo, así como ao regulamento correspondente da Universidade da Coruña. En cada unha das universidades existe unha CAPD local, que atende aos asuntos do seu ámbito específico e á xestión dentro da súa universidade, mentres que a coordinación xeral recae na CAPD conxunta do PDIEL, na que están representadas as presidencias, secretarías e responsábeis de calidade de cada CAPD local.

A coordinación entre a UVigo e a UDC mantense mediante reunións periódicas da CAPD conxunta, encontros regulares das CAPD locais, o intercambio das actas respectivas, reunións periódicas entre as persoas coordinadoras locais e a difusión simultánea de todas as actividades do PDIEL en ambas universidades, tanto

a través da web do programa como polas plataformas propias de teledocencia. As reunións das CAPD locais celébranse de maneira presencial ou semipresencial, mentres que as da CAPD conxunta e das coordinacións locais se realizan de forma virtual.

O PDIEL continúa ofrecendo apoio e orientación ao alumnado a través das CAPD locais e da súa páxina web: <https://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es>. No caso da UVigo, existe tamén un servizo específico de apoio mediante a plataforma de teledocencia MooVi, onde o PDIEL conta cun espazo propio accesible en <https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=25317>. A través deste portal envíanse avisos, materiais e tarefas dos cursos formativos específicos, así como a posibilidade de establecer contacto directo entre o alumnado e o profesorado ou a coordinación do programa. Na UDC existe un servizo análogo mediante o seu campus en liña: <https://udc.es/es/online>. Alén diso, as coordinacións locais envían periodicamente avisos conxuntos a todo o estudiantado do PDIEL.

Ademais, cada CAPD local conta cunha persoa responsable da calidade, cuxa función principal é colaborar coa respectiva escola internacional de doutoramento e, en particular, coas súas persoas coordinadoras de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade no programa. A súa misión fundamental é impulsar a implantación, mantemento e mellora continua dos distintos programas vinculados á calidade nas dúas universidades, garantindo, mediante unha coordinación constante, unha cultura de calidade no PDIEL conforme os estándares vixentes en ambas institucións.

Para os efectos da xestión administrativa, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña dispoñen nas súas respectivas Facultades de unidades de xestión de posgrao integradas nas áreas académicas, que traballan coordinadamente cos Servizos de Posgrao das universidades, co obxectivo de achegar unha xestión administrativa eficaz ao alumnado.

Colaboración con outras institucións (convenios de colaboración, actividades e resultados):

Tanto a UDC como a UVigo seguen mantendo vínculos con diversos centros nacionais e internacionais de investigación e estudos de posgrao doutras universidades estranxeiras, o que reforza a internacionalización dos estudos literarios e favorece a mobilidade internacional de profesorado e alumnado.

Durante o período obxecto do presente seguimento, intensificouse a colaboración mediante o intercambio de profesorado e doutorandas/os con institucións europeas e iberoamericanas, a través de convenios marco e específicos asinados entre as distintas entidades.

A relación de convenios asinados pola UDC pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.udc.es/es/ori/infxeral/conveniosbilaterais/>. Cómpre destacar especialmente os lazos da UDC con centros do ámbito lusófono (Universidade de Lisboa, Universidade Nova de Lisboa, Universidade do Minho, Universidade de Coimbra), brasileiro (Universidade de São Paulo, Universidade Estadual do Rio de Janeiro, Universidade Federal da Bahia) e africano (Universidade Eduardo Mondlane – Maputo, Universidade Agostinho Neto – Luanda). Ademais, a Facultade de Filoloxía da UDC mantén unha ampla oferta de mobilidade Erasmus con numerosos países —entre outros, Alemaña, Finlandia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, Romanía, Suecia e Turquía—, colaborando con máis de medio cento de universidades.

No que respecta á Universidade de Vigo, os seus acordos internacionais poden consultarse no seguinte enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/index?_locale=es. A UVigo mantén tamén colaboracións activas con numerosos centros e institucións de investigación nacionais e internacionais. Conta con profesorado procedente de diferentes universidades estranxeiras —especialmente do norte de Portugal— que ten impartido docencia e participado regularmente no Máster en Artes Escénicas, título desenvolvido en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e que se integra actualmente no novo Máster en Literatura Dramática, Artes Escénicas e Música. A Facultade de Filoloxía e Tradución da

UVigo dispón, asemade, de múltiples convenios Erasmus de mobilidade para estudantado (tamén de posgrao) e para profesorado con máis dun centenar de universidades europeas (como Alemaña, Austria, Bélxica, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Finlandia, Francia, Islandia, Italia, Lituania, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia, Suíza, Turquía, entre outras), así como con trinta centros nos Estados Unidos e institucións en Australia e Brasil.

De forma específica, o PDIEL promoveu 7 convenios (4 na UVigo e 3 na UDC) de cotutela no período obxecto do seguimento actual (cf. táboa infra); e a Cátedra Internacional José Saramago, asociada ao PDIEL, tivo 5 convenios de colaboración activos con entidades públicas e privadas neste período (2 deles achegando financiamento, cf. táboa infra) que repercutiron de forma positiva no programa.

Os grupos de investigación aos que pertence o profesorado da UDC e da UVigo manteñen relacións estables con investigadoras e investigadores de prestixio internacional nos ámbitos hispánico, lusófono e da tradución, pertencentes a centros de investigación e universidades como a Universidade do Porto, Universidade de Lisboa, Universidade Nova de Lisboa, Universidade do Minho (Portugal); a Università degli Studi di Verona (Italia), Universität Wien (Austria); Uniwersytet Warszawski e Uniwersytet Jagielloński (Polonia); Universidade do Oeste do Paraná, Universidade Federal Fluminense, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil); ou a Université de Poitiers (Francia), entre moitas outras. Así mesmo, o profesorado do PDIEL colabora con diversas institucións e entidades, como o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC); o Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa da Universidade do Porto; o Laboratorio de Estudos de Xénero e Sexualidade – LEGS do Centre National da Recherche Scientifique (Francia); a Fundación Manuel María de Estudos Galegos; a Fundación Rosalía de Castro; a Fundación Torrente Ballester; ou a Asociación de Cervantistas, entre outras moitas.

Cómpre salientar tamén o labor da I Cátedra Internacional José Saramago, dirixida polo coordinador do PDIEL, que mantén convenios internacionais financiados co Camões I.P. e coa Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxías de Lisboa, así como coas fundacións galegas Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Esta cátedra coordina, ademais, unha ampla rede internacional, a *Jangada – Rede Internacional de Cátedras, Centros de Investigación e Associações*, que reúne as nove cátedras Saramago existentes no mundo, xunto con outras cátedras, institutos e asociacións internacionais.

Todos estes contactos e colaboracións internacionais dos grupos de investigación e do profesorado do PDIEL —dos que aquí se recollen só algúns exemplos— contribúen decididamente a fortalecer a proxección internacional do Programa e a ofrecer unha ampla rede de contactos e apoio ás persoas doutorandas.

LISTADO DE COLABORACIÓNS CON CONVENIO			
CÓDIGO	INSTITUCIÓN	DESCRICIÓN	NATUREZA / INSTITUCIÓN
BR-1013	Universidade Estadual do Oeste do Paraná	Tese de Cristian Javier López, alumno do PDIEL, realizada en réxime de cotutela entre a Universidade de Vigo e a Universidade Estadual do Oeste do Paraná (Brasil), defendida en 2022	Universidade pública (Brasil)
BR-1013	Universidade Estadual do Oeste do Paraná	Tese de Fernanda Sacomori Candido Pedro, alumna do PDIEL, realizada en réxime de cotutela entre a Universidade de Vigo e a Universidade Estadual do Oeste do Paraná (Brasil), defendida en 2024	Universidade pública (Brasil)
BR-1013	Universidade Estadual do Oeste do Paraná	Tese de Jorge Antonio Berndt, alumno do PDIEL, en réxime de cotutela entre a Universidade de Vigo e a Universidade Estadual do Oeste do Paraná (Brasil), convenio firmado en 2024	Universidade pública (Brasil)
PT-UP	Universidade do Porto	Tese de Mafalda da Gama Gonçalves Pereira, alumna do PDIEL, en réxime de cotutela entre a Universidade de Vigo e a Universidade do Porto (Portugal), convenio firmado en 2024	Universidade pública (Brasil)
	Université Paris 8 Vincennes-Saint	Tese de Ánxela Lema Paris, alumna do PDIEL, en réxime de cotutela entre a Universidade da Coruña e a Université Paris 8	Universidade pública (Francia)

	Denis	Vicennes-Saint Denis (Francia), Tese defendida el 23/07/2020.	
	Università degli Studio di Verona	Tese de Manuel Garrobo Peral, alumno do PDIEL, en réxime de cotutela entre a Università degli Studio di Verona (Italia) e a Universidade da Coruña, Tese defendida el 29/07/2024.	Universidade pública (Italia)
	Università degli Studio di Verona	Tese de Martina Brugani, alumna do PDIEL, en réxime de cotutela entre a Università degli Studio di Verona (Italia) e a Universidade da Coruña, convenio firmado en 2024.	Universidade pública (Italia)
	Camões, I.P.	Convenio de colaboración I+D+i financiado entre a I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e o Camões - Instituto da Língua e da Cooperação do Ministério de Negócios Estrangeiros do governo de Portugal (2022-2024).	Ministerio (Portugal)
	Fundación Vicente Risco	Convenio de colaboración I+D+i entre a I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e a Fundación Vicente Risco (2022-2025).	Fundación pública (Galicia)
	Fundación Ramón Otero Pedrayo	Convenio de colaboración I+D+i entre a I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e a Fundación Ramón Otero Pedrayo (2022-2025).	Fundación pública (Galicia)
	Fundação Eng.º António de Almeida	Convenio de colaboración I+D+i financiado entre a I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e a Fundação Eng.º António de Almeida (Porto, Portugal), entre 2016-2023.	Fundación privada (Portugal)
	Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologias	Convenio de colaboración I+D+i financiado entre a I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo e a Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnologias (Lisboa, Portugal), entre 2022-2024.	Universidade privada (Portugal)

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Recomendacións do informe de verificación (síntese do estado de situación):

O PDIEL xa dera cumprimento progresivo ás recomendacións formuladas pola ACSUG no seu Informe de verificación final (2013) e no primeiro seguimento de acreditación (2017), centradas en mellorar a transparencia, a calidade e a internacionalización do programa.

Entre as primeiras accións adoptadas destacou a inclusión na web do programa (<http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.gal>) das ligazóns aos "Regulamentos de Estudos de Doutoramento" e ás "Normativas de Permanencia" das universidades participantes (UVigo e UDC), así como información sobre financiamento da mobilidade. Tamén se facilitou o acceso á "Guía de boas prácticas" das dúas universidades, dispoñíbel tanto na web do programa como nas páxinas das EIDOS.

Respecto ao seguimento de 2017, a ACSUG valorou positivamente o cumprimento de varias recomendacións. Así, as actividades formativas conxuntas para o estudiantado das dúas universidades comezaron a desenvolverse de maneira sistemática a partir dese ano. Tamén se melloraron os informes de autoavaliación, que agora inclúen reflexións sobre o nivel 4 do MECES, o perfil de egreso e a integración na estratexia de I+D+i das institucións.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade (SGC), este foi deseñado, implantado e publicado nas webs das EIDOS e do PDIEL, incluíndo información relevante como obxectivos, comisións, actas e indicadores. Paralelamente, desenvolvéronse procedementos para medir a satisfacción dos distintos grupos de interese

(alumnado, profesorado e PAS), cunha planificación específica e resultados documentados para os cursos 2017/18 e 2018/19. A programación para os anos 2019/20 a 2021/22 foi aprobada pola Comisión de Calidade da EIDO en xullo de 2020.

En canto ás debilidades iniciais de internacionalización nos primeiros anos de existencia do PDIEL, estas cuestións foron obxecto dunha análise específica e plans de mellora executados na íntegra.

Tamén se traballou na mellora da valoración do programa por parte do alumnado da UVigo e na recollida de opinións do estudiantado da UDC, coa implantación dunha enquisa de satisfacción ampla e continuada. Esta medición da satisfacción pasou a xestionarse centralizadamente polas EIDOs e analízase a nivel de CAPD para establecer accións concretas de mellora.

En canto ao rendemento académico, o número de teses defendidas aumentou considerablemente ao longo dos anos iniciais, cumprindo cos requisitos normativos autonómicos. Tamén se reforzou a recompilación de datos sobre a inserción laboral do alumnado egresado.

Entre 2013 e 2020, o PDIEL mostrou unha evolución positiva no cumprimento das recomendacións da ACSUG, mellorando a súa organización, transparencia, internacionalización e calidade.

Recomendacións dos informes de modificación, se procede (síntese do estado de situación):

Non procede. O PDIEL non foi suxeito a ningún proceso de modificación desde a súa implantación.

Recomendacións do informe de avaliación externa do seguimento, se procede (síntese do estado de situación):

O último Informe Final de Acreditación 2021 da ACSUG data do 12/05/2021 cun resultado favorable. No seu informe, a ACSUG destacou positivamente a calidade e dispoñibilidade dos recursos humanos, especialmente do profesorado e persoal investigador vinculado ao programa; a implicación activa e o compromiso dos grupos de investigación, reflectido no apoio económico que destinan á formación do estudiantado de doutoramento; e o esforzo por garantir a transparencia, evidenciado na completa e actualizada información dispoñíbel na páxina web oficial do programa. Estas valoracións reflectiron o bo funcionamento estrutural e organizativo do programa, así como o seu compromiso coa calidade formativa e a accesibilidade informativa. Tamén en termos xerais, a ACSUG sinalou a necesidade de fomentar, a nivel institucional, a converxencia de procedementos comúns que garantan a recollida sistemática de datos sobre a satisfacción de todos os grupos de interese —incluíndo o persoal de administración e servizos (PAS), persoas egresadas e empregadoras—. Recomendouse a presentación e análise destes datos tanto de maneira global para o conxunto do programa como de forma desagregada por universidade participante, co obxectivo de mellorar a calidade e a capacidade de resposta do programa ás necesidades específicas de cada contexto institucional. Todas estas eivas foron corrixidas como se pode desprender dos comentarios seguintes.

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

A ACSUG recoñeceu que o programa mantíña o seu interese académico, atopándose actualizado conforme aos requirimentos propios do seu ámbito de coñecemento e integrándose na estratexia de I+D das universidades participantes.

Considerou que o perfil de ingreso resultaba axeitado e coherente coas características do programa, aínda que a distribución do alumnado nas dúas liñas de investigación non era homoxénea aceptando con todo as xustificacións dadas no autoinforme 2020.

O informe de seguimento 2021 tamén observou melloras na coordinación entre a UVigo e a UDC, e a consciencia da CAPD das carencias previas neste ámbito e da posta en marcha de diversas accións para corrixilas.

Os índices de satisfacción do estudantado e do profesorado foron consideradas como adecuados.

En relación ao que a ACSUG considerou seren "ASPECTOS DE CUMPRIMENTO OBRIGATORIO" e ás "RECOMENDACIÓNS" dadas, implantáronse as seguintes melloras:

Aspecto	Descrición no Informe 2021	Melloras implantadas no período
Cumprimento obrigatorio	1. "Avanzar cara á converxencia real do programa interuniversitario: participación nas actividades das dúas universidades e acceso a todos os recursos."	Desde 2020, ambas universidades ofrecen sistematicamente todas as actividades do PDIEL realizadas en cada universidade ao estudantado en conxunto. Na medida das posibilidades de orzamento, ofrécese apoio ao alumnado da outra universidade para o seu desprazamento. Cf. tamén as melloras implantadas en Recomendación 1 (infra).
	2. "Executar as accións de mellora: <i>Mellora da satisfacción do alumnado e da formación conxunta e Mellora da colaboración interuniversitaria e internacionalización.</i> "	A satisfacción do alumnado do PDIEL aumentou dunha media de 3,8/5 no primeiro período a unha media de 4/5 no período actual (IPD19). Para as melloras na colaboración interuniversitarias, véxase o especificado en Aspecto de cumprimento obrigatorio 1 (supra), 3 e 4 (infra).
	3. "Reforzar a internacionalización: codirección de teses con especialistas internacionais, presenza de expertos en tribunais e estadias de alumnado e profesorado en centros de investigación internacionais."	A internacionalización quedou considerablemente reforzada (véxase tamén o especificado no apartado 1.4.), tendo en conta que no actual curso académico aínda se verificou un aumento notable: Neste período, 7 de 23 teses defendidas eran cotutelas internacionais, con universidades brasileiras, portuguesas, francesas ou italianas. Unha media de 11,6% das teses foi dirixida por profesorado estranxeiro (IPD 16). Na composición tribunais de tese, unha media de 17% no conxunto das universidades correspondía a expertos internacionais (IPD17).
	4. "Obxectivo: aumentar as teses con mención internacional."	Sen contar as teses en cotutela internacional (case 30%), na UVigo un 8% e na UDC un 21% das teses defendidas neste período tiñan mención internacional (IPD18-08). Se incluímos na consideración da importancia de internacionalización as cotutela, o obxectivo foi amplamente cumprido.
Recomendacións	1. "Fomentar seminarios de exposición pública dos proxectos de tese, con participación do profesorado do programa e de universidades estranxeiras, preferentemente online."	Realizáronse o III e IV Encontro Interuniversitario de Doutoramento do PDIEL en 2021 e 2024. Nos numerosos congresos, seminarios e conferencias organizados polo profesorado do PDIEL, frecuentemente ofrecidos en formato semipresencial, o estudantado do programa foi convidado e

		incentivado a participar, podéndose rexistrar unha alta adhesión.
	2. "Continuar coas accións de mellora da coordinación do programa executando as previstas."	Seguindo o Plan de melloras 2020 (proposta 3) a coordinación entre ambas institucións quedou mellorada en relación a todos os aspectos débiles detectados no seu momento e aí especificadas.
	3. "Adoptar medidas para incrementar a demanda do programa, especialmente na liña 1 (<i>Literaturas e cultura galega e portuguesa / Literatura medieval</i>)."	Como xa se xustificou en 1.2. (cf. supra), con base no IPD13, a distribución de alumnado de novo ingreso entre as liñas foise equilibrando nos cursos obxecto deste seguimento e atópase, no curso actual, xa totalmente equilibrada.
	4. "Executar as accións de mellora establecidas <i>Mellora da satisfacción do alumnado e da formación conxunta e Mellora da colaboración interuniversitaria e internacionalización</i> ."	Véxase o especificado en relación ás melloras implantadas en Aspecto de cumprimento obrigatorio 2 (cf. supra).
	5. "Executar a acción de mellora <i>Crear, en colaboración coa UDC, incentivos para a realización de proxectos de tese en Estudos Literarios Galegos, especialmente en colaboración con outras universidades e países</i> ."	No período en cuestión aumentou considerabelmente o número de teses nos ámbitos galego e lusófono en xeral, sendo estas realizadas (ou en curso) por estudantado nacional, internacional (IPD 6) ou en cotutela con institucións estranxeiras (6, cf. 1.4. supra). Véxase tamén o especificado en relación as melloras implantadas en Recomendación 3.

Criterio 2. Información e transparencia

A ACSUG destacou que o criterio se alcanza (nivel B), pero con marxe de mellora. Destaca que a información do Programa de Doutoramento está dispoñible en tres fontes principais: a web propia do título e as webs das dúas universidades participantes (UVigo e UDC). A web do programa ofrece datos accesibles e útiles, aínda que non recolle algúns dos ítems obrigatorios segundo o Anexo II da Guía para o seguimento e acreditación da ACSUG. Estes datos foron entretanto incluídos.

A ACSUG tamén detectou na web da UDC a falta dalgúns elementos importantes, como o número de directores de teses defendidas, de directores con sexenios vivos, da satisfacción do alumnado e do profesorado, da porcentaxe de abandono e da taxa de emprego e adecuación ao posto de traballo. A grande maioría destes datos están agora disponibles.

Indicábase tamén que no caso da UVigo, a información non era de acceso directo desde a web do programa, sendo necesario acceder ao portal de transparencia e que algúns indicadores requiren contrasinal, polo que se recomendaba que toda esta información se publicase de forma aberta, accesible e preferentemente ligada directamente desde a web do título. Entretanto, a ligazón da web do PDIEL co Portal de transparencia foi incluída, no cal existe agora tamén un Formulario de solicitude de todos aqueles datos que non son de acceso aberto inmediato.

En relación ás "RECOMENDACIÓNS" dadas respecto deste criterio, implantáronse as seguintes melloras:

Recomendación	Contido a incorporar na web propia do título segundo Informe 2021	Melloras realizadas no período
Reforzar a transparencia	"O esforzo realizado en materia de información e transparencia desde o último seguimento debe completarse coa incorporación, na web propia do título, da información indicada no Anexo II da Guía de avaliación dos programas de doutoramento, ben directamente ou mediante ligazóns ás fontes correspondentes."	A información indicada foi incorporada.
Competencias do programa	"O enlace actual non conduce á información sobre as competencias; cómpre corrixilo."	Corrixido.
Número de prazas de novo ingreso	"Debe indicarse o número de prazas ofertadas en cada convocatoria."	A información indicada foi incorporada.
Complementos de formación	"É preciso detallar cales son, cando se requiren e en que casos se aplican."	A información indicada foi incorporada.
Actividades formativas	"Incorporar información actualizada sobre as actividades formativas dispoñibles."	A información indicada foi actualizada.
Plan de investigación	"Debe explicarse o procedemento de elaboración e avaliación do plan de investigación, máis alá da referencia no documento "A tese de doutoramento no PDIEL en 10 pasos"."	O procedemento foi explicado e a información incorporada.
Calendario académico	"Incluir o calendario anual con prazos e datas clave para o alumnado."	No final de cada curso, logo a seguir á súa publicación polas EIDO-UVigo e EIDUC, os respectivos calendarios publícanse na web. Paralelamente, son distribuídas polas respectivas plataformas de Teledocencia e enviadas ao estudantado que se candidata cada ano.
Recursos de aprendizaxe	"Listar os recursos dispoñibles asociados ao programa (bibliotecas, bases de datos, plataformas, etc.)."	A información indicada foi incorporada.
Saídas profesionais	"Indicar as principais saídas laborais previstas para os egresados."	A información indicada foi incorporada.
Indicadores do programa	"Incorporar os principais datos estatísticos e indicadores do programa (taxas de éxito, abandono, inserción laboral, etc.)."	A información indicada foi incorporada.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

A valoración obtida era de nivel "C – Acádase parcialmente". No momento de realización do Informe 2021, as dúas universidades que participan no Programa de Doutoramento estaban a traballar na implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), entre tanto xa completamente deseñado e implantado (cf. 3.1.-3.3. infra). En 2020, os procedementos postos en marcha aínda non achegaban evidencias suficientes da análise dos resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese nin do uso desta análise para propoñer accións de mellora. Tampouco se achegaban evidencias da recollida de información relativa ao colectivo de egresadas/os.

En relación ao que a ACSUG considerou seren "ASPECTOS DE CUMPRIMENTO OBRIGATORIO" e ás "RECOMENDACIÓNS" dadas, implantáronse as seguintes melloras:

Cumprimento obrigatorio	Indicación no Informe 2021	Melloras realizadas no período
Despregamento dos SGC	"Débese completar a implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) das Escolas de Doutoramento das dúas universidades participantes no título. A acción de mellora <i>Deseñar o SGC da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC)</i> non contempla a implantación do sistema."	Entre tanto, ambas as universidades implantaron cadanseu SGC de forma completa como se documenta detalladamente noas apartados 2.2.-2.3. e 3.1.-3.3. infra.
Análise das enquisas de satisfacción	"Na evidencia EPD18 descríbese o funcionamento do proceso, pero non se presenta o documento onde se recolla o análise das enquisas de satisfacción. Esta análise debe elaborarse e empregarse como base para deseñar accións de mellora que garantan a continuidade do título. Proponse a creación dunha nova acción de mellora denominada <i>Análise anual das enquisas</i> ."	A análise das enquisas realízase periodicamente na CAPD, que nela fundamenta as eventuais melloras a implantar. Tendo en conta que CAPD mantén un contacto directo e personalizado co estudantado, os problemas individuais detéctanse e resólvense habitualmente incluso antes da elaboración das enquisas, o que pode xustificar tamén a baixa participación nelas. Neste momento, e tendo en conta o excelente funcionamento desta práctica, aínda non se considera necesario crear ningún documento específico, mais tomarase en conta esta posibilidade caso sexa necesario.
Recollida sistemática de información	"Débese recoller información sobre a satisfacción de todos os grupos de interese (alumnado, PDI, egresados, PAS, etc.) nas dúas universidades de forma continuada e sistemática, para dispor de fontes útiles de mellora do programa. Accións de mellora a executar: <i>Deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese da EIDO (UVigo) e Resultados do programa formativo (UDC)</i> . En 2021, a UVigo realizará a primeira enquisa de satisfacción ao PAS e analizará os resultados das enquisas de egresados/as."	Entre tanto, este sistema de recollida de información está plenamente implantado, aínda que no seu arranque os números de participación aínda son mellorables nalgúns casos. Con todo, agárdase que melloren co tempo.
RECOMENDACIÓNS		
Mellora da participación nas enquisas	"Recoméndase continuar traballando na mellora da participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. Accións de mellora a executar: <i>Deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese da EIDO (UVigo) e Resultados do programa formativo (UDC)</i> ."	Para alén da información e incitación a participar nestas enquisas, o estudantado recibe a mesma información en paralelo a través das respectivas plataforma de teledocencia. O deseño da medición na UVigo foi completado, tal como se progresou tamén no caso da mellora do programa formativo da UDC.

Criterio 4. Recursos humanos

A valoración do profesorado e persoal investigador (PDI) do programa de doutoramento que fai o Informe 2021 é positiva, considerando que é suficiente para atender adecuadamente ao estudantado. A coordinación do programa, así como o labor de titores e directores, obtén boas puntuacións nas enquisas de satisfacción, sendo estes os aspectos mellor valorados polos estudantes. Con todo, no curso 2017/18 detectouse unha baixada notable no grao de satisfacción do alumnado de 3º, mentres que o de 1º curso mostrou unha mellora progresiva.

Considérase que o PDI do programa conta cun alto nivel de cualificación e experiencia nas dúas liñas de investigación, destacando que o 75 % dispón de sexenios vivos. Non obstante, non se achegan evidencias sobre a súa participación en programas de mobilidade. As universidades participantes recoñecen formalmente o labor de tutoría e dirección de teses.

Porén, indícase tamén que o programa amosa un baixo nivel de internacionalización, cun número moi reducido de expertos estranxeiros implicados tanto en tribunais como en codireccións de teses. Como quedou explicado en relación ás melloras implantadas no caso do Criterio 1 (cf. supra), o nivel de internacionalización mellorou decisivamente no período obxecto de análise neste seguimento.

O informe recomendou a incorporación de investigadoras/es internacionais a través de actividades formativas, programas específicos ou colaboración con grupos de investigación, co obxectivo de incrementar a mención internacional nas teses defendidas. Neste sentido, as melloras tamén xa foron implantadas a través de codireccións e cotutelas internacionais, as redes de colaboración dos grupos e proxectos de investigación asociados ao PDIEL, conferencias e seminarios convidados.

En relación ás "RECOMENDACIÓNS" dadas respecto deste criterio, implantáronse as seguintes melloras:

Elemento	Indicación no Informe 2021	Melloras realizadas no período
Recomendación xeral	"A pesar dos avances evidenciados e do interese mostrado por incrementar a internacionalización do programa, resulta conveniente manter a motivación formulada no Informe de Seguimento de 2017, na liña de seguir impulsando a internacionalización do Programa de Doutoramento."	Véxase o especificado en relación ás melloras implantadas en Criterio 1, Medida de cumprimento obrigatorio 3 e 5 (supra). Alén diso, moitos grupos de investigación relacionados co programa manteñen cadansúas redes de colaboración internacionais (cf. apartados 1.1. e 1.4. supra).
Medidas concretas propostas	"Entre outras accións recollidas no Criterio 1, recoméndase fomentar as estancias do profesorado do programa en centros de investigación internacionais."	Na UVigo publícanse todos os anos convocatorias de mobilidade. De forma interna, o profesorado é incentivado en candidatar a bolsa Salvador de Madariaga ou comparables, téndose producido xa un ao aumento das mobilidades no período en cuestión.
Acción de mellora xa contida no autoinforme 2020	"Executar a acción de mellora denominada <i>Mellora da colaboración interuniversitaria e internacionalización</i> ."	Mellora executada.
Novo obxectivo proposto	"Incluir como novo obxectivo específico o fomento das estancias do profesorado en centros de investigación internacionais."	Obxectivo creado (cf. infra <i>Accións resultado do informe de avaliación do seguimento de ACSUG</i>). ₂

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A valoración do criterio no Informe 2021 é positiva (nivel B), ao considerarse que se alcanza satisfactoriamente. Os recursos materiais dispoñibles para o desenvolvemento do Programa de Doutoramento son considerados suficientes e adecuados, conforme ás previsións recollidas na memoria verificada, incluíndo o apoio á mobilidade do estudantado mediante axudas para congresos e estancias. Estes apoios se manteñen na actualidade.

Considerouse que o persoal docente e investigador (PDI) da UVigo amosa un alto nivel de satisfacción cos recursos materiais, que o da UDC tamén valora positivamente estes recursos e que a satisfacción do estudantado era aceptable. Ademais, os servizos de orientación académica e profesional dispoñibles para o alumnado consideráronse axeitados. Tamén estas situacións se manteñen inalteradas na actualidade.

Criterio 6. Resultados del programa formativo

A valoración deste criterio no Informe de 2021 tamén foi positiva (B – Alcánzase). As contribucións científicas derivadas das teses de doutoramento, tanto previas como posteriores á súa defensa, foron consideradas unha mostra clara da adquisición axeitada das competencias do programa. As teses seguen a defenderse actualmente en coherencia co perfil formativo e co nivel 4 do MECES. A satisfacción do PDI con este aspecto mantense favorable, segundo os datos recollidos nas enquisas das dúas universidades.

En termos xerais, os indicadores de satisfacción dos distintos grupos de interese permanecen en niveis aceptables, e a diferenza entre universidades reduciuse. En ambos casos, o PDI presenta valoracións positivas, con lixeira mellora (UVigo: 4,25/5; UDC: 4/5; cf. IPD19) en relación co Autoinforme 2020 (UVigo: 3,99/5; UDC: 4/5). Pola súa parte, a información do PAS continúa sendo incompleta. No caso do estudantado, as variacións e inestabilidades nas percepcións están relacionadas coas taxas de participación, que seguen sendo baixas. Tal como se indicou no Criterio 3 (cf. supra), a práctica habitual de contacto directo e personalizado co alumnado a través das coordinacións locais contribúe a detectar e resolver problemas individuais de forma inmediata, o que relativiza positivamente os resultados obtidos nas enquisas.

O Informe 2021 da ACSUG considerou mellorable a taxa de éxito, sinalando que o 80% das teses lidas no último curso do período daquel seguimento foron presentadas tras dúas prórrogas. Aínda que naquela altura o PDIEL xa incluía unha acción específica no plan de mellora, cómpre cuestionar a pertinencia desta crítica. As circunstancias laborais e persoais das e dos doutorandos son altamente variables. Ademais das posibles dificultades específicas dun proxecto de tese (problemas de acceso a fontes, limitacións nas mobilidades e no seu financiamento, necesidade de asesoramento especializado, etc.), as prórrogas existen precisamente para garantir que imprevistos laborais, persoais ou de saúde non impidan completar unha tese dentro dos prazos legais. Polo tanto, sería máis razoable calcular a taxa de éxito sen ter en conta o número de prórrogas concedidas.

No momento do Autoinforme 2020, non se dispoñía de datos sobre a empregabilidade das persoas egresadas, o que impediu avaliar a relación entre as competencias adquiridas e a inserción laboral, aínda que se xustificou esta carencia. Para o seguimento actual, xa se achegan algúns datos, malia que o proceso de recollida é complexo e lento, e os procedementos están aínda en fase de implantación.

En relación coas recomendacións formuladas para este criterio, implantáronse as seguintes melloras:

Recomendación no Informe 2021	Acción proposta / Comentarios no Informe 2021	Melloras realizadas no período
Evitar que sexan necesarias dúas prórrogas para a lectura da tese de doutoramento.	Executar a acción de mellora denominada <i>Aumento do número de teses defendidas</i> .	O número de teses defendidas aumentou considerablemente de de 9 (período anterior) a 24 no período do seguimento actual (cf. IPD 18-01).
Achegar nos vindeiros informes información detallada e desagregada sobre as publicacións relacionadas cos traballos de tese doutoral, tanto previas coma posteriores (comunicacións, artigos, capítulos de libro...).	Está previsto que, de cara á prematricula 2021-2022, se inclúa na páxina web do programa unha sección específica que recolla as referencias bibliográficas completas e publicacións relacionadas cos proxectos de tese do PD, xunto cos enlaces correspondentes.	Esta sección xa foi creada mais aínda se atopa en construción debido a unha remodelación do modelo Wordpress da páxina web.
Recoller, na medida do posible, información sobre a inserción laboral das persoas egresadas do programa.	Executar as accións de mellora: <i>Diseño da medición da satisfacción dos grupos de interese da EIDO (UVigo) e Resultados do programa formativo (UDC)</i> .	As accións de mellora xa foron parcialmente executadas e seguen a ser implantadas. A información sobre a inserción laboral das persoas egresadas está a ser completada.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

IPD 19: Resultado das enquisas de satisfacción

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o PDIEL foi constantemente actualizada e mellorada ao longo do período obxecto deste seguimento. Na actualidade, a descrición da información completa dispoñible an ambas universidades é a seguinte:

Información sobre os estudos de doutoramento na Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo conta cunha estrutura clara e completa para a xestión dos seus estudos de doutoramento, cuxa información se centraliza na [Escola Internacional de Doutoramento \(EIDO\)](#). Nesta páxina ofrécese unha visión detallada dos programas de doutoramento vixentes, con información sobre:

- Denominación e carácter do programa (propio ou interuniversitario)
- Universidades participantes e coordinadoras (se é o caso)
- Condicións de acceso e admisión
- Liñas de investigación
- Datos de contacto do/a coordinador/a
- Memoria de verificación
- Normativa e procedementos para a defensa da tese doutoral

A universidade publica anualmente as convocatorias de admisión e matrícula, os calendarios de xestión académica e a normativa aplicable no portal específico de [matrícula de doutoramento](#).

Ademais, pódese consultar información sobre as teses en depósito, actos de defensa pública e a convocatoria anual de Premios Extraordinarios de Doutoramento.

Servizos de apoio, información e orientación

A Universidade de Vigo ofrece múltiples servizos tanto de carácter xeral como específicos para o ciclo de doutoramento:

Institucionais:

- Sección de Información ao Estudante (SIE): Asesoramento integral sobre estudos, bolsas, saídas profesionais e vida universitaria ([ver máis](#)).
- Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos: Tramitación e xestión das bolsas do MECD e propias da universidade ([ver máis](#)).
- UNATEN e Atención á Diversidade: Apoio ao estudantado con necesidades específicas, incluíndo atención psicopedagóxica.
- Oficina de Relacións Internacionais (ORI) e Centro EURAXESS: Apoio á mobilidade internacional, tanto para estudantes locais como visitantes ([ORI](#), [EURAXESS](#)).
- Biblioteca Universitaria, Unidade de Emprego e Emprendemento, Centro de Linguas, e servizos complementarios sobre cultura, deporte, sustentabilidade e benestar ([ver máis](#)).

Específicos para o doutoramento:

- Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao: Coordina a admisión, matrícula e os procesos vinculados ás teses doutorais ([ver máis](#)).
- Áreas Académicas de Posgrao (AAP): Xestión administrativa e atención directa ao estudantado de doutoramento no seu ámbito académico.

Acollida e orientación ao estudantado de novo ingreso

A Universidade de Vigo conta cunha [Guía rápida do estudantado](#), que ofrece información útil sobre o sistema universitario, oferta académica, calendario escolar, programas de mobilidade, bolsas e aloxamento. Ademais, organiza xornadas de benvida nos tres campus, e a EIDO celebra sesións informativas específicas para o estudantado de doutoramento, dispoñibles tamén a través de [UVigo TV](#).

Información institucional sobre os estudos de doutoramento na Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña (UDC) conta cunha ampla rede de servizos destinados a apoiar e orientar o seu estudantado, incluíndo recursos específicos para quen realiza estudos de doutoramento. A información principal centralízase na Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), que coordina os programas de doutoramento, para alén de promover actividades formativas e de acollida, de maneira similar á ofertada pola Universidade de Vigo e que se ven de sinalar.

Servizos de apoio, información e orientación

A UDC ofrece diversos servizos xerais e específicos que cobren necesidades académicas, persoais e administrativas do estudantado:

Servizos institucionais:

- Servizo de Estudantes (SAPE): Con sedes nos campus da Coruña e Ferrol, ofrece información sobre os estudos, acceso e permanencia, bolsas, axudas, transporte, aloxamento e outros aspectos da vida universitaria.
Máis información
- Bolsas e Axudas: Xestión das bolsas do MECD, entidades privadas ou propias da UDC (como o *Plan Propio* que inclúe préstamos de ordenadores, axudas de comedor, matrícula, etc.).
Máis información
- Atención á Diversidade (ADI): Apoio para a integración do estudantado con discapacidades ou necesidades educativas específicas.
Máis información
- Oficina de Igualdade de Xénero: Promoción da igualdade e prevención da discriminación por razón de xénero no ámbito universitario e social.
Máis información
- Oficina de Relacións Internacionais (ORI): Apoio á mobilidade internacional e acollida de estudantes estranxeiros, con recursos como a Guía de Benvida.
Máis información xeral
Estudiantado da UDC
- Biblioteca Universitaria: Recursos e servizos de apoio á docencia, aprendizaxe e investigación.
Máis información
- Unidade de Emprego: Orientación e formación para a mellora da empregabilidade, prácticas externas, emprendemento e inserción laboral.
Máis información
- Centro de Linguas: Formación en sete linguas estranxeiras e en español para estranxeiros, con cursos recoñecidos académicamente.
Máis información
- Actividades culturais e formativas: Talleres, cursos e eventos organizados pola área de Cultura, especialmente no espazo NORMAL.
Máis información
- Vida no campus: Información sobre igualdade, cultura, voluntariado, saúde, deporte, sustentabilidade, conectividade e outros servizos de benestar.
Máis información
- Asociacións estudantís e participación: Regulamentos e apoio ao asociacionismo estudantil e á participación nos órganos de goberno da universidade.
Máis información

- Defensoría Universitaria (Valedor/a): Órgano de garantía dos dereitos de toda a comunidade universitaria.

[Máis información](#)

Servizos específicos para o doutoramento:

- EIDUDC (Escola Internacional de Doutoramento da UDC): Coordina os programas de doutoramento, ofrece información sobre procesos académicos, actividades formativas e acolle o estudiantado novo.

[Máis información](#)

Acollida e orientación ao estudiantado de novo ingreso

A Universidade da Coruña dispón dun conxunto de iniciativas para facilitar a integración do novo estudiantado:

- Guía rápida do estudiantado: Inclúe información sobre a institución, oferta académica, calendario escolar, mobilidade, bolsas, transporte, aloxamento, etc.

[Descargar guía](#)

- Guía de benvida para estudantes estranxeiros: Elaborada pola ORI, con información práctica sobre vivenda, cursos de lingua e servizos para o estudiantado internacional.

[Descargar guía](#)

- Xornadas de benvida da UDC: Celebradas anualmente nos tres campus, con presentacións institucionais e información útil para o novo alumnado.

[Máis información](#)

- Facultade de Filoloxía: Conta tamén cun plan específico de orientación para o estudiantado de novo ingreso.

[Máis información](#)

A información sobre os informes e os resultados do PDIEL está dispoñible no [Portal de Transparencia](#) da UVigo.

En particular, pode atoparse información sobre:

- [Resultados académicos](#) e de [investigación e transferencia](#)
- [Resultados do profesorado](#)
- [Resultados de mobilidade](#)
- [Resultados de satisfacción](#)
- [Resultados de inserción laboral](#)

No caso da UDC, esta información se atopa centralizada do [Portal de Transparencia](#) correspondente.

Este Programa dispón dunha páxina WEB propia (<https://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es/>) na que se mostra información relevante sobre as actividades, configuración e novas do programa, tanto para os doutorandos/as como para posibles interesados en matricularse:

- [Información xeral](#)
- [Admisión e matrícula](#)
- [Actividades](#)
- [Bolsas e mobilidade](#)
- [Teses](#)
- [Proxectos](#)
- [Novidades](#)

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporcionan ambas as universidades fundamentalmente polas páxinas WEB correspondentes, nas que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e as aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

As dúas institucións contan con diversos sistemas de información, atención, apoio e orientación ao alumnado, tanto de carácter institucional ou comúns a todos os estudantes como específicos do ciclo de doutoramento como xa se indicou de forma detallada no Criterio 2.1.

De forma específica, a páxina WEB do programa centraliza e redistribúe tamén toda esta información. A información máis relevante para o estudante divúlgase, ademais, a través da páxina de teledocencia MooVi da Universidade de Vigo: : <https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=25317> (de acceso exclusivo para o alumnado e profesorado do PDIEL de Vigo). Na UDC existe un servizo comparable a través do seu campus online: <https://udc.es/es/online>. Nos últimos cursos, estes espazos de teledocencia resultaron ser moi eficaces e de maior satisfacción para o estudantado.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a estratexia da Eido (política e os obxectivos de calidade), e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

Na UDC, toda a información sobre o correspondiente Sistema de Garantía Interno de Calidade está dispoñible en: <https://comunicacion.udc.es/es/sgic>.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aspectos xerais do SGC (Deseño e desenvolvemento):

A información do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EIDO da Universidade de Vigo está dispoñible na ligazón

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidad>

O SGC de doutoramento da EIDO é un sistema centralizado e institucional, isto é, xeneral de toda a Universidade de Vigo para o ciclo de doutoramento, ao que están adscritos todos os programas de doutoramento da universidade, dirixido e xestionado desde a Dirección da EIDO, en colaboración con outros servizos de soporte (Área de Calidade, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao). O seu deseño está certificado desde xullo de 2019, momento no que recibiu informe favorable da axencia de calidade competente (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG).

O Manual de Calidade é un documento de carácter organizativo, de comunicación e estratéxico, que inclúe, ademais, a Estratexia da EIDO, as súas liñas estratéxicas e obxectivos e metas asociadas (política e obxectivos de calidade). Tamén, describe a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade. Ademais, precisa o mapa de procesos de funcionamento do SGC e os procedementos que os describen, con indicación das responsabilidades e competencias, actividades, indicadores de medición e rexistros e evidencias asociadas a cada proceso. O SGC permite analizar o desenvolvemento dos programas de doutoramento e os seus resultados, asegurando a súa revisión e mellora continua.

- Fase de deseño 2017-2020: Elaboración e aprobación da documentación

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento. O deseño do SGC desenvolveuse, formalmente, ao longo dos anos 2017 e 2018, seguindo as directrices do Programa FIDES-AUDIT (ACSUG). A UVigo constituíu un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén, ata o de agora, reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver e mellorar a estrutura, a documentación e os procesos de calidade.

A Comisión de Calidade da EIDO, constituída o 27.04.2017, validou este deseño o 14.12.2018 e o Comité de Dirección da EIDO, máximo órgano de responsabilidade, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018.

Trala avaliación da documentación enviada, a ACSUG remitiu un Informe de certificación do deseño do SGC o 30.07.2019 con resultado FAVORABLE, polo que a EIDO convertíase deste xeito na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar unha certificación de calidade. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

O deseño e o desenvolvemento do SGC da EIDO garanten os mecanismos e procesos que permiten supervisar o desenvolvemento do programa de doutoramento. Para iso dispón de procedementos que permiten:

- O deseño, aprobación, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
- A garantía de aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no estudantado.
- O correcto desenvolvemento dos programas de mobilidade.
- A análise dos resultados académicos, de satisfacción dos distintos colectivos implicados nos programas (doutorandos/as, profesorado, egresados), incluídos os derivados do sistema de queixas, suxestións e felicitacións (Sistema QSP UVigo), e de inserción laboral.
- A transparencia e rendición de contas aos axentes interesados no programa de doutoramento, incluída a publicación regular de información sobre os programas, o seu desenvolvemento e os seus resultados.
- O seguimento dos/as doutores/as egresados/as.
- No caso dos programas nos que participe máis dunha universidade, a dispoñibilidade de mecanismos e procedementos que aseguren a coordinación entre as universidades participantes.

- Fase de implantación 2021-2024: Aplicación xeneralizada e progresiva

O desenvolvemento dos procesos de calidade está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA). Os resultados dos informes de avaliación das axencias de calidade (ACSUG no SUG e outras fóra do SUG) sobre a verificación, seguimento, modificacións e renovación da acreditación dos programas permiten

recoñecer as súas boas prácticas e ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa acreditación cíclica e a satisfacción dos grupos de interese.

Rematada a fase de deseño, a previsión da implantación efectiva do SGC programouse para comezar no curso 2020/21. O obxectivo desta fase consiste en aplicar o deseño aprobado ás actividades diarias do ciclo de doutoramento, isto é, da xestión da EIDO e dos seus programas de doutoramento. A estratexia da EIDO, formalizada na súa Política e Obxectivos de Calidade aprobados en 2020, establecía como un dos seus obxectivos de calidade a certificación da implantación para 2021/22. Porén, a situación pandémica Covid-19 e a falta de directrices específicas para as escolas de doutoramento adiou todo o proceso.

A implantación programada incluía, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- Funcionamento operativo de todos os procesos (este xa se iniciara, nalgúns casos, de xeito previo a 2020)
- Funcionamento pleno e regular da Comisión de Calidade da EIDO
- Soporte aos procesos de verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos programas,
- Formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudiantado
- Reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

Para retomar e reconducir esta situación, a Comisión de Calidade da EIDO e despois o Comité de Dirección, aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de mellora e optimización da implantación do SGC [Anexo 03_1]. Esta implantación programouse para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2024. Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para certificación: obxectivo fin 2024 Acreditación institucional

A nova Estratexia da Eido 2022/2026, aliñada co Plan Estratéxico 2022/2026 da UVigo, foi informada na Comisión de Calidade do 20.09.2022 e aprobada no Comité de Dirección do 20.12.2022. Inclúe agora:

-unha declaración da misión e da visión

-as liñas estratéxicas de actuación como resultado da revisión e actualización da política de calidade

-os obxectivos de calidade revisados e actualizados, coas metas anuais programadas

Esta estratexia inclúe, ademais, de xeito transversal e por primeira vez, referencias e obxectivos relacionados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

• Fase de mellora 2024-2025: Actualización e mellora

Os cambios lexislativos e normativos (Lei 14/2011, da Ciencia, RD 822/2021, RD 640/2021, RD 576/2023 que modifica o RD 99/2021, Directrices REACU 2023 para acreditación institucional das escolas de doutoramento) e a experiencia adquirida durante a implantación dan lugar a unha actualización e mellora dos procesos do SGC, que está a desenvolverse, a través dun Plan de Calidade que abrangue o período 2024-2025.

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, Estratexia da Eido coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Na UDC, toda a información sobre o correspondiente Sistema de Garantía Interno de Calidade e o seu desenvolvemento está disponible en: <https://comunicacion.udc.es/es/sgic>.

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

1. Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto lávase a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación ou modificación dun programa;

2. Recoller a información, medir os resultados alcanzados e contrastar co previsto na memoria, tanto en cada curso académico como en termos de tendencias (evolución en cada ciclo de acreditación), no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as*, *Medición da satisfacción*, *Xestión do persoal*, *Xestión de Queixas*, *Suxestións e Parabéns..*); e

3. analizar esta información e tomar accións de mellora, a nivel do programa –na CAPD- (procedementos de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) como, de ser o caso, a nivel da Eido –dirección da Eido, Comisión de Calidade, Comité de Dirección- (procedemento de *Revisión do sistema pola dirección*). Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional.

En particular, a Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as actividades de satisfacción de xeito cíclico. Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

-Estudantado, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas desde o 2015/16 ata 2023/24, cunha frecuencia anual

-Profesorado, con frecuencia bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018), 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20) e 2022 (cursos 2020/21 e 2021/22).

- PAS: realizada por primeira vez en novembro 2021, mediante grupo focais.

- Egresados: Coordinación co Observatorio de Egresados da UVigo do Consello Social para activar estudos de inserción laboral e a enquisa a egresados. Publicación, en novembro de 2022, do primeiro Estudo de inserción laboral de persoas tituladas en estudos de doutoramento, 1995-2020, e a partir de aí, con estudos anuais (2020/21 e 2021/22, este último aínda en elaboración)

Véxase comentarios específicos sobre a satisfacción e a inserción laboral na epígrafe 6.5.

4. Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>.

Todas estas actividades desenvólvense consonte o establecido, algunhas delas xa de xeito previo á implantación do SGC: seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias posteriores, coa elaboración dos correspondentes informes que integraban tanto a información e os resultados (evidencias e indicadores) como as decisións e melloras de xestión do programa de doutoramento.

Na UDC, este desenvolvemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade decorreu de forma comparable, estando a información correspondente dispoñible en: <https://comunicacion.udc.es/es/sgic>.

Todas as medidas do SGC nas dúas universidades foron implantadas no PDIEL, a través das persoas responsables de Calidade en cada CAPD local, coordinadas entre si. Non se rexistraron incidencias nin queixas por parte do estudantado ao respecto no período obxecto de seguimento.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento contan con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (proceso *Dirección estratéxica*). Esa revisión, con frecuencia anual, está dirixida pola dirección da Eido, conta cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no procedemento *Revisión do Sistema*, e da lugar aos plans de mellora que se consideren, coas súas responsabilidades e calendario de execución.

A primeira revisión pola dirección realizouse no curso 2020/21, dando lugar á primeira Memoria de Calidade da Eido.

Véxanse os comentarios respecto da revisión do SGC por mor cambios lexislativos e normativos na epígrafe 3.1 Fase de mellora.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, os procesos de deseño, de desenvolvemento e de implantación do SGC son altamente participativos. En particular, están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal das respectivas Escolas internacionais de doutoramento, forman parte de diferentes servizos relacionados,

- os membros das respectivas comisións de calidade, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento, que interveñen sobre todo na revisión do sistema
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión das Escolas,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

De forma resumida, a estrutura organizativa e de responsabilidades de calidade e a documentación do SGC son as seguintes:

- Estrutura institucional de Calidade (transversal á Universidade de Vigo)

As funcións e responsabilidades institucionais básicas en relación coa calidade están determinadas nos Estatutos da universidade de Vigo, en coherencia coa LOSU 2/2023 e a Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia. Estas responsabilidades afectan tanto a órganos colexiados (Consello Social, Consello de Goberno, Comisión de Calidade institucional) como a órganos unipersonales (Reitor/a, vicerreitores/as con competencias en Calidade). Tamén, a área de Calidade dá soporte á estrutura institucional e á específica.

- Estrutura específica de Calidade da EIDO

As funcións e responsabilidades específicas están determinadas, sobre todo, no Regulamento de Réxime Interno da EIDO e no Manual de Calidade:

- Comité de Dirección

O Comité de Dirección é o órgano colexiado que realiza as funcións de organización e xestión da EIDO. O Comité de Dirección é o principal responsable do SGC dos seus programas de doutoramento e ten como funcións en materia de calidade a aprobación da estratexia (política) e os obxectivos de calidade, do manual de calidade e dos procedementos de calidade. Neste órgano forman parte colexiada os axentes implicados nos programas de doutoramento: profesorado, doctorandos/as, responsables académicos, persoal de apoio e outros axentes externos.

- Dirección da Eido

A persoa que desempeñe a dirección, asistida polo seu equipo de dirección, lidera, impulsa, coordina e supervisa as actividades da EIDO. O/A directora/a de a EIDO representa ao centro e é o máximo responsable en materia de calidade, preside a Comisión de Calidade da EIDO e garante a difusión da cultura de calidade, en relación coas CAPD e os servizos de apoio. Deseña a estratexia e os obxectivos de calidade. O equipo de dirección complétase coa secretaría académica e coas subdireccións que autorice o Consello de Goberno.

- Coordinación de Calidade

Unha das persoas do equipo de dirección terá o encargo da coordinación de calidade. A proposta de nomeamento correspóndelle ao/o Director/a de a EIDO. A súa misión principal será impulsar a implantación, mantemento e a mellora dos distintos programas ligados á calidade na EIDO e nos programas de doutoramento, así como axudar á difusión da cultura de calidade, en relación cos responsables de calidade dos programas de doutoramento. É o secretario da Comisión de Calidade da EIDO.

- Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da EIDO é o órgano colexiado clave no desenvolvemento dos programas de calidade da escola e na dinamización da xestión de calidade na EIDO. A comisión ten representación dos distintos

grupos de interese na actividade da EIDO (dirección, profesorado e CAPD, doctorandos/as, servizos de apoio) e constitúese para:

- Debater e informar a estratexia da EIDO (política e obxectivos de calidade).
- Debater e validar o manual de calidade e os procedementos de calidade da EIDO. Aproba os cambios nos documentos anexos aos procedementos (formularios, guías de apoio).
- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade da EIDO e dos seus programas de doutoramento adscritos, así como propor mellóralas pertinentes.
- Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGC.
- Debater, propor e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da formación doutoral en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa da EIDO (verificación de novos programas, modificación e/ou suspensión ou extinción dos existentes, procesos de acreditación), dando a súa valoración e de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater e propor a participación da EIDO en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

O seu funcionamento está regulado no Manual de Calidade.

- Comisión Académica do programa de doutoramento (CAPD)

Cada CAPD é a responsable da definición, actualización, calidade e coordinación do seu programa de doutoramento. As comisións académicas articulan procedementos e mecanismos para supervisar o desenvolvemento do programa, analizar os resultados e determinar as actuacións oportunas para a súa mellora. A opinión dos doctorandos/as e egresados/as ha de ser un dos principais factores a tomar en consideración á hora de definir e implantar as melloras.

- Responsable de calidade do programa de doutoramento

Cada CAPD nomeará a unha persoa responsable en materia de calidade, que ten como funcións a de colaborar coa EIDO, e, en particular, coa persoa coordinadora de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade no programa.

Ademais do anterior, todo o persoal da EIDO cuxas funcións teñan relación cos procedementos do SGC, estarán implicadas na aplicación da estratexia (política e obxectivos de calidade), sendo cada unha delas responsable da implantación no seu campo de actividade específico. Tamén, os departamentos e os grupos de investigación forman parte da estrutura organizativa asociada.

Evidencias da cultura da calidade:

A cultura de calidade da Eido pode apreciarse en termos documentais (memorias de calidade da Eido e outros rexistros de calidade resultados da implantación dos procesos), estratéxicos (aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados) e de actividades de participación, sensibilización e formación e capacitación dos grupos de interese. Tamén, en termos de resultados e prestixio da Eido e dos seus PD.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como o establece a Memoria do PD nos seus puntos 5.1 e 6, o profesorado do PDIEL continúa a ser plenamente cualificado, cumpríndose os requisitos mínimos establecidos pola Memoria: estar en posesión a) do título de doutor/a, coa especialización en estudos literarios, e b) dispor como mínimo dun tramo de investigación recoñecido. O profesorado do PD está distribuído de forma equilibrada por dous equipos de investigación (Literatura galega e portuguesa & Literatura medieval e Literatura en lingua española & Literatura Comparada) que, pola súa vez, se corresponden coas dúas liñas de investigación aos que se poderá acoller o estudantado. O punto 5.1 da Memoria tamén establece o requisito de que a totalidade do profesorado implicado conte ao menos cun tramo de investigación recoñecido, unha esixencia coa que o PDIEL continúa a cumprir na actualidade. O profesorado con sexenios vivos continúa a ser superior ao 75% (cf. IPD15). Estes datos indican que a esixencia da Memoria de que o profesorado con sexenio vivo non debería ser inferior ao 60% respecto do total, para garantir os criterios de calidade necesarios para a consecución da Mención de excelencia nos programas de doutoramentos, está a ser cumprida.

O PDI do programa está composto por 39 investigadores/es (con 4 que causaron baixa nos últimos 4 anos), 10 grupos de investigación (5 da UVIGO e 5 da UDC), e liderou/lidera ou participa até á actualidade en 33 proxectos de investigación competitivos, dos cales 29 activos no período obxecto do seguimento (11 da UVIGO e 18 da UDC; 3 internacionais, 13 estatais, 6 autonómicos, 1 provincial e 4 universitarias) financiados cun total de 1.875.772,00 Euros (cf. Táboas 2 e 3).

Estes datos representan unha mellora considerable en relación co período obxecto do Autoinforme 2020.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todo o PDI do programa ten dedicación a tempo completo e 23 dos 50 investigadores/as ten un número igual ou superior a tres tramos recoñecidos (cf. Táboa 1).

Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses:

A relación numérica xeral profesorado-estudiantado é axeitada. Non existen mecanismos de reparto específicos entre liñas de investigación, xa que na admisión da matrícula se valora positivamente se as candidatas ou candidatos xa veñen avalados por un membro PDI do cadro do PDIEL e da súa predisposición a dirixir o proxecto de tese. Deste modo, evítase a aceptación de candidatas e candidatos con proxectos que terían dificultades de atopar unha persoa directora.

Resultados de satisfacción en relación coa dirección e titorización das teses:

A media de satisfacción do alumnado coas persoas titoras e directoras é superior a 4/5 (cf. IPD19).

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na súa NORMATIVA DE RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES DO PDI, a UVigo recoñece un total de 30 horas por tese defendida nos 3 cursos anteriores á elaboración do POD. Na UDC, a dirección de teses de doutoramento defendidas na UDC nos últimos 3 anos puntuará 1 crédito por cada tese, ata un máximo de 2 créditos (se houber máis de 1 director/a, dividiríase polo número destes); aínda que este recoñecemento non é sempre aplicábel (pois pode ser ignorado en función das necesidades docentes). En termos xerais, estes recoñecementos, de seren aplicados, poden ser considerados suficientes.

As ligazóns coas respectivas normativas de reconocimiento na UVigo e na UDC son as seguintes:

UVigo: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/542>

UDC: <https://www.udc.es/es/normativa/profesorado/index.html>

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se destacou no apartado 1.5., a internacionalización do PDIEL no período obxecto do seguimento actual aumentou de forma considerable (véxase tamén o especificado no apartado 1.4.), unha tendencia en alta que continúa no actual curso académico. En xeral, neste período contamos con 7 de 23 teses defendidas froito de cotutelas internacionais, con universidades brasileiras, portuguesas, francesas ou italianas. Unha media de 11,6% das teses foi dirixida por profesorado estranxeiro (IPD 16). Na composición tribunais de tese, unha media de 17% no conxunto das universidades correspondía a expertos internacionais (IPD17).

O claro aumento da mobilidade internacional do alumnado xa queda documentada polas 7 cotutelas que implican en cada caso un desprazamento dun mínimo de 6 meses.

A internacionalización do PDIEL caracterízase tamén polo aumento do número de estudantes provenientes do estranxeiro (UVigo: 20,1%; UDC: 18,7%; IPD6), unha tendencia que se viu reforzada no curso actual. Alén diso, cabe destacar a continuada presenza de especialistas convidados para conferencias e coloquios, así como a través dos convenios internacionais.

A maiores, aqueles doutorandos/as integrados/as en grupos e/ou proxectos de investigación, benefíciense das redes internacionais destes grupos en canto a mobilidade e asesoramento relacionado coas súas investigacións. O PDIEL organiza tamén con regularidade ciclos de conferencias, seminarios e coloquios para o alumnado coa presenza de especialistas de universidades estranxeiras.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto na UDC como na UVigo existen Escolas Internacionais de Doutoramento e Áreas de Posgrao que coordinan, xunto coa CAPD, a xestión diaria do PD. De maneira xeral, a información ofrecida de forma virtual, a explicación e a orientación relativos aos procesos administrativos resulta moi clara e concisa.

O Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (SXEP) serve como exemplo do bo funcionamento, xa que proporciona apoio administrativo á Eido, coordina a xestión administrativa das Áreas Académicas de Posgrao (AAP), da apoio á tramitación das teses de doutoramento e realiza as funcións atribuídas á administración dun centro en canto ao Sistema de Garantía de Calidade.

As AAP proporcionan apoio administrativo aos programas de doutoramento asignados (así como aos mestrados desa mesma área). Na actualidade hai 6 destas unidades específicas de posgrao, máis outras dúas que aínda manteñen a xestión dual (grao+posgrao). Estas unidades son tamén as responsables das tarefas de información e xestión do expediente do estudantado, en primeira instancia. Tamén proporcionan

apoio administrativo á coordinación dos programas. No caso de que xurdan solicitudes ou situacións extraordinarias son trasladadas ao SXEP para a súa resolución.

O SXEP convoca, con carácter ordinario, dúas veces cada curso ás AAP: unha previa á convocatoria de matrícula, como preparación desta e outra despois de realizada a matrícula, para revisión e coordinación das respostas ás incidencias detectadas. Con carácter extraordinario convócanse tantas reunións como resulten necesarias, tanto xerais como cunha ou varias AAP afectadas por unha determinada situación.

Nestas reunións recóllense tamén as necesidades de formación, tanto detectadas polo SXEP (cambios normativos, novas habilidades, idiomas, etc.) como polas propias AAP (habilidades ofimáticas, normativa, uso de novas aplicacións informáticas, etc.).

Destas necesidades de formación se desenvolven directamente polo SXEP aquelas relativas a novas utilidades informáticas, e se trasladan á Xerencia aquelas que requiren a organización de cursos máis formais. Esta decide sobre todas as actividades propostas polos distintos Servizos, asesorada por unha comisión de formación, paritaria coa representación sindical.

A maiores, a EGAP (Escola Galega de Administración Pública) realiza convocatorias anuais de cursos para PAS das universidades galegas enmarcados nos seguintes grandes bloques:

- Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas
- Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades
- Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa
- Lingua galega
- Portal de idiomas
- Plan ofimático de Galicia

Estas actividades de formación se organizan tanto na modalidade de teleformación, telepresenza, autoformación e docencia presencial.

Resultados de satisfacción en relación co persoal de apoio (administración e servizos):

A media xeral dos resultados iguala o valor de 4/5, sendo lixeiramente superior no caso do primeiro ano e un pouco inferior no caso do terceiro (cf. apartado 6.4. infra).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos manteñen como base os recollidos na Memoria do título, tal como se expón no seu apartado 7 (pp. 32-33), e foron ampliados e mellorados no período obxecto do seguimento.

Recursos institucionais materiais e virtuais

O programa dispón de recursos institucionais, tanto materiais como virtuais, da Universidade de Vigo, accesibles de forma centralizada nas instalacións dos tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo), e tamén de forma descentralizada, a través das facultades, escolas e estruturas de investigación (centros e institutos de investigación, centros de soporte).

No caso da Universidade da Coruña, os recursos materiais e os servizos están recollidos nesta ligazón: <https://gac.des.udc.es/~patricia/master/memoria/Materiales.pdf> e os recursos electrónicos nestoutra: <https://www.udc.es/es/biblioteca/axuda/faqs/recursos>

Entre os recursos centralizados da UVigo, destacan (lista non exhaustiva):

- Infraestrutura dixital e de conectividade: Identificador persoal, correo electrónico, wifi/conectividade nos campus, servizos de almacenamento virtual, aloxamento web, servizo DNS, servizos audiovisuais, videoconferencia tradicional e masiva (AccessGrid), multimedia, UVigo-TV, entre outros.
- Plataformas de teledocencia: MOOVI e Campus Remoto.
- Recursos de comunicación e divulgación: UVigo-TV, reservas de espazos institucionais, redes sociais, etc.
- Biblioteca Universitaria: Amplia variedade de recursos informativos, espazos e servizos de apoio á aprendizaxe, á docencia e á investigación.
- Recursos financeiros: Bolsas e axudas, financiamento da carreira investigadora mediante contratos, e apoio á mobilidade.
- Recursos ligados á produción científica: Portal da investigación, Oficina de I+D e canles para a difusión científica.
- Recursos formativos e de desenvolvemento profesional: Formación lingüística, programas de mentoría e supervisión, e formación continua.

O Regulamento de Réxime Interno da EIDO da UVigo recolle tamén os recursos e infraestruturas propios da escola: sede, medios materiais e humanos, e fontes propias de financiamento.

Recursos materiais e virtuais específicos do programa de doutoramento

O Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Literarios (PDIEL) conta cunha páxina web propia, dispoñible na seguinte ligazón: <https://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es> (*Actualmente en proceso de revisión*).

Servizos de orientación profesional

Entre os servizos institucionais de apoio ao emprego e emprendemento das dúas universidades destacan:

- Emprego e Emprendemento (UVigo): En colaboración con administracións, empresas e outras entidades, ofrece información, asesoramento e formación para favorecer a inserción laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.
- Unidade de Emprego (UDC): Encamiñada a mellorar a empregabilidade do estudantado egresado, especialmente no acceso ao mercado laboral. As súas funcións abranguen o impulso institucional do emprendemento e políticas activas de inserción laboral. Ofrece asesoramento específico sobre programas e axudas ao emprendemento: <https://www.udc.es/es/emprego/> e <https://www.udc.es/es/emprego/emprendemento/analise/>.
- Fundación Universidade de Vigo (FUVI): Fomenta o espírito emprendedor no ámbito universitario e promove accións de impulso ao emprego. Detecta proxectos innovadores con alto contido tecnolóxico, ofrece asesoramento para a creación de empresas e acompaña as startups nas súas fases iniciais.
- Fundación Universidade da Coruña (FUAC): Ten como obxectivo principal a promoción da formación, o emprego e a transferencia do coñecemento, en colaboración coa UDC. Impulsa a interacción con entidades públicas e privadas no desenvolvemento socioeconómico. Entre outras funcións, ofrece información sobre ofertas de emprego e prácticas formativas. <https://www.fundacion.udc.es/fuac.asp>

Servizos de apoio específicos do programa de doutoramento

De maneira específica, o PDIEL ofrece orientación e apoio a través das Comisións Académicas do Programa de Doutoramento (CAPDs) e da súa páxina web oficial: <https://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es>

Na UVigo, o programa conta cun espazo propio na plataforma de teledocencia MOOVI, desde o cal se realizan envíos de avisos, materiais e tarefas para os cursos formativos específicos. Esta canle facilita tamén o contacto directo entre o alumnado e o profesorado, así como coa coordinación do programa.

Na UDC existen servizos homólogos a través do Campus Online da universidade: <https://udc.es/es/online>

Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades:

Na memoria expresábase unha previsión de axudas ao alumnado, de xeito aproximado e con reservas, situada en torno ao 40%: "Por lo que respecta a las ayudas a los futuros doctores para la asistencia a cursos, congresos y reuniones científicas, resulta sumamente difícil comprometer una previsión, ya que depende de

factores externos al programa, como la política de becas, y más aún en un período de fuertes restricciones económicas; aun así, en atención a los datos de años anteriores, cabe esperar un porcentaje de doctorandos con algún tipo de ayuda de en torno al 40%" (Punto 7, Memoria).

A comisión académica comprometiase en calquera caso a "mantener informados a quienes se matriculen en este programa, a través de diferentes medios, incluida la web, acerca de convocatorias y ayudas que contribuyan a facilitar a los doctorandos la asistencia a cursos, congresos y otro tipo de actividades formativas en el marco del programa".

A CAPD mantivo e cumpriu con ese compromiso, nas dúas universidades integrantes do PDIEL.

a) Como se prevía na memoria, os grupos de investigación implicados no programa foron quen de obter recursos en convocatorias competitivas estatais, autonómicas e das respectivas universidades, para realizar proxectos e sufragar numerosas estadias de investigación de alumnado (cf. Anexo V).

b) A comisión académica da UVIGO convocou bolsas específicas, dentro do propio programa de doutoramento e destinado ao seu alumnado, para realización de estadias no estranxeiro ou noutras universidades, asistencia a congresos etc., tal como se reflicte nas súas actas.

c) Por outra banda, a Universidade da Coruña desenvolveu convenios con entidades privadas, que implican un mecenado a través de bolsas para alumnado da UDC: é o caso das bolsas UDC-Inditex, das que se beneficiou alumnado deste PDIEL matriculado nese centro.

O PDIEL mantén e consolidou estas axudas. Boa parte delas están garantidas polo número de proxectos en curso e polo dinamismo que mostran os diferentes grupos (das dúas liñas e de ambas universidades) para solicitar e lograr novos proxectos.

Considérase, en definitiva, que se cumpriu coa previsión exposta na memoria e que se melloraron as condicións de recursos materiais e de servizos no período en cuestión.

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

A media xeral dos resultados iguala o valor de 4/5, sendo lixeiramente superior no caso do primeiro ano e un pouco inferior no caso do terceiro (cf. apartado 6.4. infra).

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As coordinacións locais do título en cada unha das universidades proporcionan ao alumnado a información, asesoramento, orientación e tutela segundo van precisando en cada etapa. Así, os labores de orientación son máis intensos no 1º ano de doutoramento, no que o alumnado toma contacto por primeira vez coa toma de decisións, elaboración de proxectos, cumprimento de prazos, trámites burocráticos e uso de aplicacións informáticas. Para o alumnado neste 1º ano organízanse cursos e seminarios de formación básica (Documentación, Bibliotecas, Iniciación á investigación, Monográficos sobre periodización literaria),

destinados a orientar o alumnado no seu progreso académico, en ambas universidades. En termos xerais, esta orientación académica caracterizouse pola introdución de melloras na atención personalizada e nos servizos institucionais a disposición do estudiantado e que se describen a seguir de forma detallada para cada universidade:

Servizos de acollida e apoio de carácter institucional na UVigo:

A Universidade de Vigo dispón de procedementos de acollida e orientación dos/as estudantes de novo ingreso. Na *Guía rápida do estudante* ponse a disposición do alumnado de novo ingreso información orientativa sobre a institución e inclúe información relativa ao sistema universitario, estudos oficiais, calendario escolar, programas de mobilidade, bolsas, oferta académica, transporte aos campus universitarios, aloxamento en residencia, etc.

Para os estudantes estranxeiros, a Universidade de Vigo conta cun servizo especial de acollida a través da Oficina de Relacións Internacionais (ORI), que dá apoio tanto informativo, como na procura de aloxamento, cursos de idiomas. Esta oficina facilita a *Guía de benvida para o estudiantado estranxeiro*, con información práctica para os estudantes estranxeiros que queiran cursar estudos na Universidade de Vigo.

(<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>)

A Universidade de Vigo organiza anualmente, en cada un dos tres campus, unhas xornadas de benvida/acollida destinadas á xeneralidade dos estudantes:

(<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/xornadas-benvida-20242025>)

Ademais, a EIDO tamén organiza ocasionalmente xornadas de benvida tanto para os novos estudantes de doutoramento como os de continuación, na que se dá información orientativa que facilita o coñecemento da EIDO, información xeral sobre o doutoramento, calendario académico, actividades formativas, programas de mobilidade, procesos académicos, etc.

(<https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>)

Servizos de Atención de carácter institucional na UVigo:

A Universidade de Vigo, con carácter xeral, a través da EIDO (eido.uvigo.gal), do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>) e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>), da Oficina de Relaciones internacionais ORI (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/oficina-relaciones-internacionales>) e a Unidade de Emprego e Emprendemento (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emplego-emprendemento>) conta con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados (información xeral, Wifi, correo e teledocencia, aloxamento e transporte, tarxeta universitaria, biblioteca, bolsas e axudas, mobilidade a través da ORI, Centro de Linguas, Área de Normalización Lingüística, Área de Emprego e Emprendemento, Unidade de Igualdade, Cultura, Benestar, Saúde e Deporte, delegacións e asociacións de estudantes, voluntariado, Atención á diversidade, Gabinete Psico-Pedagóxico). Ademais do comentando, os servizos descritos na epígrafe 2.2 son tamén aplicables.

Servizos de orientación profesional de carácter institucional na UVigo:

Entre os servizos de apoio institucional da Universidade de Vigo pódense mencionar:

- Emprego e Emprendemento: Facilita, en colaboración con administracións, empresas e outras institucións, información, asesoramento e formación en relación co acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.
- Fundación Universidade de Vigo (FUVI): Apoia e promova a actividade emprendedora da Universidade de Vigo, así como actuacións de fomento do emprego do estudiantado universitario. Realiza un traballo proactivo de face á detección de proxectos de carácter innovador e cun alto contido tecnolóxico. Ademais, leva a cabo asesoramento en emprendemento para a creación de empresas e posterior acompañamento nas fases iniciais dunha *start-up*.

Atención a estudantes con necesidades educativas específicas na UVigo:

A Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (UNATEN) atende aos membros da comunidade universitaria necesidades educativas específicas, establecendo sistemas e servizos de apoio e asesoramento adecuados, que poderán determinar a necesidade de adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos

(<https://www.uvigo.gal/es/campus/atencion-diversidade>)

Sistemas de información previos da UDC:

A páxina web da Universidade da Coruña dedicada especificamente aos estudos de doutoramento é a seguinte: <https://estudios.udc.es/es/doctorates>

No caso concreto dos estudos de doutoramento, a UDC publica toda a información correspondente na seguinte ligazón: <https://www.udc.es/gl/eid/admision/>

A oferta de programas de doutoramento da Universidade da Coruña difúndese a través da páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC): <https://www.udc.es/gl/eid/programas/>

Nesta páxina da EIDUDC atópase, ademais da relación actualizada dos programas de doutoramento que conforman a oferta de terceiro ciclo da universidade, a información relativa ás condicións de acceso e admisión, as liñas de investigación que se desenvolven, os datos de contacto da persoa coordinadora, a memoria de verificación de cada programa e a ligazón á súa información específica.

Tamén se pode consultar información sobre:

- As condicións, procedementos e prazos para a tramitación da defensa da tese, segundo o Regulamento de Estudos de Doutoramento da universidade
- As etapas para a presentación da tese para a súa defensa (procedementos, impresos e prazos)
- As teses en depósito
- Os actos de defensa pública das teses
- A convocatoria anual dos Premios Extraordinarios de Doutoramento

Sistemas institucionais de información, apoio e orientación ao alumnado da UDC:

A UDC conta con diversos servizos institucionais de información e apoio ao estudiantado, tanto de carácter xeral como específicos para o doutoramento:

- Servizo de Estudantes: Oficinas nos campus da Coruña e Ferrol. Informa sobre os estudos, réxime de acceso e permanencia, bolsas, axudas, transporte, aloxamento, etc.
<https://www.udc.es/es/sape/>

- Bolsas e Axudas: Información e xestión das bolsas do MECD, doutras entidades e da propia UDC (axudas do Plan Propio, bolsas de formación, préstamo de ordenadores, axudas de comedor e matrícula, etc.). https://udc.es/es/admision_bolsas/
- Atención á Diversidade (ADI): Promove a integración do estudantado con discapacidade e/ou necesidades específicas de apoio educativo. https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/vid/ADI/
- Oficina de Igualdade de Xénero: Traballa para garantir a igualdade e evitar calquera discriminación por razón de xénero no ámbito universitario. <https://www.udc.es/es/oficinaigualdade/oficina/>
- Oficina de Relacións Internacionais (ORI): Ofrece información e asesoramento sobre programas de mobilidade, tanto para o alumnado entrante como para o que desexe realizar estancias noutras universidades. <https://www.udc.es/es/ori/> e https://www.udc.es/es/ori/inf_estudiantes_UDC/
- Biblioteca Universitaria: Presta apoio ao ensino, aprendizaxe, investigación e formación. Facilita o acceso aos recursos informativos e contribúe á súa transformación en coñecemento. <https://www.udc.es/es/biblioteca/>
- Servizo de Emprego: Ofrece orientación, información e formación para mellorar a empregabilidade do estudantado, así como impulso das prácticas, emprendemento e inserción laboral. <https://www.udc.es/es/emprego/>
- Centro de Linguas: Imparte cursos en sete linguas estranxeiras e español para estranxeiros. Os cursos están recoñecidos como competencias transversais propias da UDC. <https://www.udc.es/es/centrodelinguas/>
- Actividades culturais e obradoiros: A través do espazo NORMAL, ofrécese formación complementaria para o desenvolvemento de habilidades fóra do currículo. <https://normal.udc.es/es/isto-e-normal/>
- Vida no campus: Información e servizos sobre igualdade, cultura, voluntariado, asociacionismo, convivencia, deporte, saúde, sustentabilidade, conectividade e emerxencias. <https://www.udc.es/es/vidanocampus/>
- Delegacións e asociacións de estudantes: Normativa e información sobre o asociacionismo estudantil na UDC, promovendo a participación na vida universitaria. <https://www.udc.es/es/sape/asociacionismo/Asociacions-UDC/>
- Valedoría Universitaria: Órgano encargado de velar polos dereitos de toda a comunidade universitaria (estudentado, persoal docente e investigador, e PAS). <https://www.udc.es/es/transparencia/egoberno/goberno/valedor/>

Procedementos de acollida e orientación ao estudantado de novo ingreso na UDC:

A UDC conta con procedementos específicos de acollida e orientación para o estudantado de novo ingreso. Na súa *Guía rápida do estudante* ofrécese información útil sobre a institución, o sistema universitario, estudos oficiais, calendario académico, programas de mobilidade, bolsas, transporte, aloxamento, etc. https://www.udc.es/es/estudiantes/guia_estudiante/

Para o estudantado internacional, a ORI ofrece apoio informativo, axuda na procura de aloxamento e cursos de idiomas. A *Guía de benvida para estudantes estranxeiros* ofrece información práctica para o alumnado que desexe estudar na UDC. https://www.udc.es/export/sites/udc/ori/galeria_down/UDC-Guia-del-Estudiante_esp.pdf_2063069294.pdf

A UDC organiza anualmente, nos tres campus, as *Xornadas de Benvida á UDC* dirixidas a todo o estudantado. A EIDUDC organiza tamén, de forma puntual, xornadas de acollida para o alumnado de novo ingreso e de

continuación no doutoramento, con información útil sobre a EID, o calendario académico, actividades formativas, programas de mobilidade, etc. https://www.udc.es/es/eid/formacion/xornada_benvinda/
A Facultade de Filoloxía tamén conta con procedementos propios de acollida e orientación, recollidos na súa guía para estudantes de novo ingreso: https://www.udc.es/es/filo/estudiantes/orientacion_e_atendemento/orientacion/

Servizos de atención específicos do programa:

Para alén dos servizos de atención institucionais en cada universidade, a CAPD ofrece unha atención específica a cada doutoranda/o. Para o estudantado de primeira matrícula, esta atención céntrase de forma xeral no apoio en relación a

- o acceso á información e aos servizos de atención institucionais;
- os trámites administrativos en coordinación coa respectiva Área de Posgrao;
- a orientación de cara aos cursos de formación e demais requisitos específicos do programa;
- o apoio para realización de estadias, asistencia a eventos científicos noutras institucións (sempre en colaboración coas respectivas persoas titoras e directoras).

Resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación:

A media xeral dos resultados iguala o valor de 4/5, sendo lixeiramente superior no caso do primeiro ano e un pouco inferior no caso do terceiro (cf. apartado 6.4. infra).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde o curso 2019-2020 defendéronse no programa un total de 31 teses, sumando 57 desde a súa creación. No seguimento anterior rexistráranse unicamente 9 defensas, polo que o programa doutoral experimentou un incremento moi significativo neste ámbito, chegando a triplicar os seus resultados anteriores.

Ademais dos cursos de formación transversal ofrecidos polas Escolas Internacionais de Doutoramento, o programa organiza anualmente dúas accións formativas específicas, perfectamente aliñadas co perfil do doutoramento e co nivel 4 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES):

- *Formación específica na investigación e publicación científica no ámbito dos estudos literarios en lingua española, galega e portuguesa*
- *Hermeneútica da literatura e da tradución: teoría e práctica*

Ambos cursos contan cunha elevada aceptación e satisfacción por parte do alumnado, sendo habitual que a totalidade dos novos matriculados participe nestas actividades.

Tamén melloraron de forma notable os indicadores relativos ás contribucións científicas derivadas das teses. No seguimento anterior rexistráranse 4 libros de autoría, 1 edición, 2 artigos en revistas JCR, 37 artigos en publicacións internacionais, 24 en revistas de ámbito estatal, 20 capítulos en libros internacionais, 33 en libros estatais, así como 89 comunicacións en congresos internacionais e 11 en eventos estatais.

No período obxecto do seguimento actual contabilízanse un total de 107 publicacións (cf. Táboa 5):

- Destes corresponden á Liña de investigación 1: 45.
- Corresponden á Liña de investigación 2: 62.
- 5 libros de autoría única (3 con indicios de calidade altos e 1 de nivel medio).
- 5 edicións de libros (1 con indicio alto e 2 con valoración media).
- 3 edicións de revistas (2 indexadas en SJR Q3 e 1 en MLA).
- 33 capítulos de libro (na súa maioría con indicios de calidade medio-altos).
- 54 artigos en revistas, dos cales 35 están referenciados en bases de datos e rankings internacionais relevantes para a área, como SJR ou ERIHPlus.
- O número de comunicacións en congresos nacionais e internacionais no período do seguimento actual non se contabilizaron na Táboa 5, dado que o seu número é considerablemente máis alto có do período anterior (como mínimo, o número total duplicouse) e porque a compilación dos datos tería requerido demasiado tempo.

En termos xerais, e desde o punto de vista académico, os indicadores de evolución do estudantado do programa poden considerarse excelentes, xa que ultrapasan as expectativas da Memoria.

Resultados de calidade das teses (cualificacións, mencións, etc.):

Desde o curso 2019/2020, a porcentaxe media de teses cualificadas como *sobresaliente cum laude* nas dúas universidades sitúase no 85%. As restantes recibiron, en todos os casos, a cualificación de *sobresaliente*. Neste mesmo período, unha media do 11,7 % das teses defendidas na Universidade de Vigo obtiveron *mención internacional*, porcentaxe que na Universidade da Coruña ascende ao 16,7 %.

En termos de internacionalización cómpre salientar, ademais, a defensa de 7 teses en cotutela internacional (4 na UVigo e 3 na UDC).

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En continuidade co xa exposto e contabilizado no apartado 6.1, cómpre salientar que os resultados científicos do programa durante o período analizado superaron amplamente as expectativas que guiaron a redacción da memoria inicial.

O contexto actual, marcado por un crecemento exponencial da internacionalización dos proxectos de tese — en particular das cotutelas—, da mobilidade internacional do estudantado e da súa participación en eventos científicos, así como da colaboración con grupos e universidades estranxeiras, non fai necesario, por agora, introducir medidas adicionais para intensificar este proceso.

Pola contra, considérase conveniente manter unha actitude cautelosa, co fin de evitar a sobrecarga das capacidades formativas e de orientación do persoal docente e investigador, e así garantir a continuidade do actual nivel de funcionamento, que no noso entendemento pode cualificarse de excelente.

Ademais, o proceso de modificación da memoria co obxectivo de presentar un informe de renovación da acreditación atópase practicamente finalizado, pendente unicamente da súa aprobación definitiva por parte das universidades implicadas. A versión actualizada da memoria incorpora numerosas melloras que, sen dúbida, repercutirán positivamente nos indicadores académicos do programa.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No período analizado, a porcentaxe de estudantado con bolsa ou contrato predoutoral situouse lixeiramente por debaixo do 10 % de media. Aínda que esta cifra mellora se se inclúe o curso 2024-2025, continúa a ser un valor reducido, especialmente se se considera a elevada dedicación que require a elaboración dunha tese de doutoramento.

Infelizmente, os IPDs non dispoñen de datos específicos sobre o número de doutorandos/as que compatibilizan os estudos cun emprego, mais as taxas de matrícula a tempo parcial poden ofrecer unha indicación ao respecto (cf. IPD8). Na Universidade de Vigo, a maior parte do alumnado estivo matriculada a tempo parcial durante o período en cuestión —52,5%—, mentres que na Universidade da Coruña esta porcentaxe foi só algo inferior, situándose no 47,7%. Esta mínima diferenza non semella ter un impacto na duración media dos estudos (cf. IPD18-4).

Persisten, porén, casos en ambas universidades nos que as teses se realizan en condicións de certa precariedade, debido á insuficiencia de mecanismos de financiamento específicos para esta etapa formativa. En termos xerais, e malia estas limitacións, o programa PDIEL mantivo unha coherencia significativa cos seus obxectivos e co ámbito científico en que se enmarca, tal como demostra a consecución dun número relevante de contratos predoutorais competitivos (FPI, Xunta, convocatorias propias das universidades), así

como as mobilidades e estadias internacionais realizadas e os excelentes resultados obtidos en termos de produción científica.

6.4.- A satisfacción do estudiantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da EIDO-UVigo conta con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns
- Entre outros

Medición da satisfacción:

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba estas actividades.

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- o Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- o 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- o As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- o 2020, 2021 e 2022: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia- e 2019/20)
- o 2020 e 2022: enquisas ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20, e 2020/21 e 2021/22, respectivamente.
- o Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas harmonizados, por grupos de interese, entre as 3 universidades do SUG. Realización: novembro 2021
- o Egresados: 1º estudo histórico de inserción laboral 1990-2020 en novembro de 2022. Realización do 1º estudo anual de inserción laboral e satisfacción, sobre o curso 2020/21, en outubro de 2023, a través do Observatorio de Egresados do Consello Social.

- Terceiro ciclo: 2022/23 a 2025/26: aprobado na Comisión de Calidade en xullo de 2023.

- o 2023 e 2024: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano, cursos 2022/23 e 2023/24
- o 2024: cuarta enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2022/23 e 2023/24
- o 2023: enquisa de inserción laboral a egresados do 2020/21

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
52,76 %	44,13%	50,61%	47,32%	50,42%	42,57%	45,61%	45,38%	51,19%	50,37%
						-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
48,56 %	49,75%	52,55%	47,39%	48,26%	46,50%	46,59%	41,06%		

Os resultados de participación institucionais (fila superior) son moi elevados, con valores por riba do 40% para os estudantes de 1º e de 3º ano. Lixeira tendencia negativa en 1º ano, diminuindo a taxa de participación do 48%, o ano anterior, ao 46%. En 3º ano, de forma semellante, pasa do 46% a 41%. Ambas as dúas mantéñense en valores históricos relativamente estables. As actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas.

Estes son os resultados verdadeiramente significativos para a análise da participación, posto que os desagregados por programa non posen ser considerados desde o mesmo punto de vista ao tratarse de poboacións moi pequenas. Aínda así, a gran maioría dos programas, 30/40 en 1º ano e 22/39 en 3º ano, superan o 35% de participación.

Os resultados de participación do programa (fila inferior): cf. explicación infra.

UDC

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
28,70 %	21,4%	27,90%	19,80%	21,80%	9%	23,80%	16,40%		
18,19%	30,00%		13,64%		20%		6,25%		

No caso da UDC, os resultados de participación institucional son bastante máis reducidos que no caso da Universidade de Vigo pois se moven, con altos e baixos, arredor dun 20%. En concreto, resulta chamativo o substancial descenso na participación do estudiantado de 3º ano no curso 22-23, tendencia que se frea no curso seguinte onde se pode observar que case se duplica a (16,40%).

Tendo en conta esta escasa participación a nivel global, os resultados no programa (fila inferior) poden ser cualificados como coherentes coa media da universidade (fila superior). De feito, os datos de participación do alumnado de 3º ano dos cursos 20/21 e 22/23 son moi superiores ao datos xerais da UDC, o que nos pode dar indicios dun alto grao de implicación no programa, por máis que a participación descenda no curso seguinte.

En calquera caso, o feito de que só teñamos respostas do alumnado de 1º ano no curso 20/21 e, en xeral, as porcentaxes obtidas no conxunto destas catro anualidades lévannos a valorar que as actividades de difusión e información institucionais sobre as enquisas, así como a insistencia na importancia da participación están a resultar polo momento insuficientes.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
3,83	3,49	3,33	3,49	4,04	3,76	3,95	3,85	4,15	4,01
						-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
4,19	3,97	4,15	3,97	4,14	3,86	4,13	3,93		

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que tenden ou superan o nivel *satisfactorio* (4/5), tanto en 1º ano como en 3º. A tendencia á mellora estabiliza en 1º ano, pasando de 4,14 o ano anterior a 4,13, e semella mellorar lixeiramente en 3º pasando de 3,86 a 3,97. Os dous valores están por riba do obxectivo de calidade 2024 (3,90). Tamén, unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), e moitos deles superior a 4/5. Do mesmo xeito que no caso da participación, os resultados desagregados por programa deben tratarse con cautela, ao tratarse de poboacións moi pequenas. Nestes casos convén prestar máis atención ás tendencias cá os valores puntuais.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior)

UDC

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024			
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano		
4,30	4,10	4,40	4,10	4,20	4	4,10	4,20		
2,86%	4		2,33		3,29		4,71		

Ao igual que no caso anterior, os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) trasladan unha valoración claramente positiva da satisfacción do alumnado pois superan en case todos os casos o valor de 4/5, sendo en xeral máis alta a cualificación nos cursos en que houbo unha maior participación.

Canto á cualificación que o estudantado concede ao programa a nivel global (fila inferior), ao longo destes catro cursos, obtemos unha media de 3,44/5, positiva si mais, sen dúbida, mellorable e que é inferior á media da universidade. Esta diferenza de valoración, así como as moi diferentes cualificacións que recibe o programa entre un curso e outro (por exemplo, o 3,29/5 do curso 22-23 fronte ao excelente 4,71/5 do 23/24) só poden entenderse se se ten en conta o reducido número de persoas que forman o grupo.

-(*) Como se comentou, en outubro de 2020 realizáronse ao mesmo tempo, de forma extraordinaria, as enquisas anuais a estudantes de 1º e 3º ano de 2019/20 e tamén do curso 2018/19, retrasada pola pandemia.

Un problema técnico na configuración da aplicación de enquisas (LimeSurvey) provocou que, aínda que o proceso de recollida de opinión se desenvolveu correctamente e se dispoñían dos datos agregados, sexa imposible dispor dos resultados de participación e de satisfacción desagregados por programa, así como tampouco por sexo. Trátase dunha cuestión puntual que, de xeito excepcional, afectou a dous cursos. En 2021, resolta a incidencia, dispónse de novo de resultados desagregados.

Profesorado (directores e titores de teses):

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
52,73%	52,59%	41,86%	35,85%
-	...	...	

Resultados de participación institucionais (fila superior): a primeira enquisa do 2018 obtivo resultados moi elevados, de case un 53%. Esta participación tan significativa repetiuse no 2020, de novo case un 53% polo que, de novo, as actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas. En 2022 semella produciuse unha ruptura da tendencia, que provocou unha baixada ata o 35%.

Resultados de participación por programa (fila inferior): en 2018 non estaban dispoñibles os resultados desagregados, pois a poboación histórica de profesorado non estaba asociada a cada programa.

A partir de 2020 Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior)

UDC

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
.	-	47,45%	44,80%
-	...	36,92%	45,50%

Ao igual que no caso da Universidade de Vigo, os resultados dos datos recollidos pola UDC relativos a estes catro cursos indican unha participación alta, que se mantén de modo constante, se ben se pode evidenciar que é levemente máis baixa entre o profesorado do programa (41,21%) a respecto da participación xeral deste mesmo grupo a nivel institucional (46%). Para alén diso, constátase o substancial aumento de participación no último bienio (un 8,58% máis). Estes datos constitúen unha boa mostra da progresiva implicación do profesorado nos procesos de calidade e de mellora das titulacións, por máis que se deba continuar a insistir na importancia da participación nestes procesos nos próximos anos,

No caso do programa na UDC (fila inferior) os datos do último bienio permiten apreciar como a porcentaxe de participación foi, mesmo, superior á porcentaxe xeral na UDC no mesmo período. Este dato, de novo, é un claro indicio do alto nivel de implicación do cadro de profesorado que integra o PD.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
3,65	3,88	4,08	4,06
-	...	...	...

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que marcan unha tendencia cara o nivel *satisfactorio* (4/5). Aínda que en 2018 non se dispuña de datos desagregados, en 2020 constátase que unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), con tendencia ao valor 4/5. Esta tendencia reafírmase no ano 2022 e no 2024.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior):

UDC

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)	2022 (cursos 2020/21 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/23 a 2023/2024)
-	-	4,15	4,10
-	...	3,55	3,6

Os resultados das enquisas cubertas polo profesorado da UDC ao longo destes castro anos (fila inferior), reflicten unha satisfacción global media-alta co programa (3,57/5), algo inferior á media de satisfacción institucional (4,12/5). De revisarmos os aspectos que merecen unha menor valoración por parte do sector docente, constátase que son aqueles relacionados con cuestións de política universitaria (apoio económico aos/ás doutorandos/as ou recoñecemento da dedicación, por exemplo), e non vinculados ás características específicas do programa. O conxunto das respostas correspóndese cunha valoración media de 3,57, isto é, reflexa unha satisfacción moderada e crítica, tal como se pode deducir das observacións que se inclúen no texto libre. Así, sinálase a necesidade de, por unha parte, máis apoios administrativos para a tramitación de teses, axudas e convenios e, por outra, a necesidade dun mellor financiamento.

Persoal de Administración e Servizos (PAS de apoio a doutoramento)

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
38,10%

Resultados de participación institucionais (fila superior): a participación global está preto do 40%. Este resultado considérase aceptable por ser a primeira experiencia na realización dun grupo focal para o PAS de doutoramento, aínda que, coas eventuais accións de comunicación e sensibilización, pode ser mellorable.

Resultados de participación por programa (fila inferior): cf. comentarios supra.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2021
3,33

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, cun valor por riba da media da escala, é dicir, satisfactorios. Hai que ter en conta que o obxectivo xeral do grupo focal está orientado máis á xeración de ideas (cualitativo) que a un valor (cuantitativo). O valor transmite unha dimensión da satisfacción relativa, posto que se trata de grupos focais cun tamaño pouco significativo estatisticamente.

Os resultados de satisfacción do programa (fila inferior):

No caso da Universidade da Coruña, as circunstancias de realización da enquisa foron moi semellantes ás descritas para a Universidade de Vigo, xa que foi tamén a primeira vez que se programou un cuestionario dirixido ao PAS do vinculado aos programas de doutoramento. Concibida como unha enquisa bianual, foi no curso 2022/2023 cando se realizou por primeira vez na UDC. En todo caso, os datos obtidos non se diferencian dos da Universidade de Vigo pois, se ben os resultados de participación foron levemente máis elevados (43%), os resultados de satisfacción ficaron nun nivel algo inferior mais similar (3%). Estas porcentaxes trasladan un nivel de valoración aceptable aínda que mellorable. Indican, tamén, a necesidade de revisar os cada vez máis complexos trámites administrativos que, tamén, dificultan a boa marcha de moitos procesos imprescindibles no marco dos programas de doutoramento.

Titulados

Véxase comentarios na epígrafe 6.5

Sistema de QSP

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema está operativo e está consolidado, e representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son a Eido e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Aínda que os tempos de resposta medios (8 días) están dentro do previsto no Regulamento de QSP, á súa mellora oriéntase a mellorar esta prestación.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúan

na memoria verificada.

- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Existen procedementos que permiten medir e analizar a inserción laboral dos futuros doutores/as. En liñas xerais, existen tres mecanismos e fontes de datos con orixe diferente pero complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da axencia de calidade (ACSUG): <http://www.acsug.es/gl/insercion>
- As análises de situación da satisfacción e empregabilidade institucionais da Universidade de Vigo. A EIDO, en colaboración coa área de Calidade, o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao e a vicerreitoría de Estudantes, coordina a recollida desta información a través do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. A metodoloxía de recollida de información, a frecuencia coa que levan a cabo e outros aspectos técnicos están definidos na Ficha técnica da actividade, aprobada pola Comisión de Calidade da EIDO.

Estas análises, iniciados de forma pioneira en 2021 co primeiro estudo de inserción laboral das persoas tituladas en doutoramento que abarca o período histórico 1995/2020 representativo da empleabilidade de todas as promocións desde a creación da Universidade de Vigo até o curso académico 2019/2020, inclúen datos e valoracións tanto da inserción laboral como da satisfacción dos egresados/as cos estudos de doutoramento e a formación recibida, estando dispoñibles de forma agregada (institucional) como desagregada por programa de doutoramento. En 2024 presentouse o segundo informe correspondente aos titulados/as do curso 2020/2021 que, ademais dos datos de inserción laboral, tamén contén información sobre a satisfacción dos titulados/as cos estudos de doutoramento. Desde este segundo informe, estas análises terán unha frecuencia anual. A información sobre os informes e resultados está dispoñible en:

- Portal de transparencia da Universidade de Vigo
- Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo

Por súa vez, na Universidade da Coruña a información e as análises de situación da satisfacción e empregabilidade das persoas tituladas universitarias está disponible en:

- Portal de transparencia da Universidade da Coruña
- Observatorio ocupacional da UDC que é unha unidade de estudos económicos e estatísticos dedicada á análise da inserción laboral das persoas egresadas á corrección dos desaxustes que se podan detectar durante este proceso. Realiza fundamentalmente dous tipos de análise: Seguimento de persoas tituladas e competencias profesionais.
- Os datos dispoñibles do seguimento que realiza cada CAPD, que permiten obter información dos egresados/as e a súa inserción laboral unha vez terminado o doutoramento.

O PDIEL mantén cos seus egresados e egresadas, especialmente con quen segue a participar activamente nos seus grupos e proxectos de investigación ou mantén vínculos con outras entidades asociadas, como cátedras ou fundacións. Ademais, as persoas que obtiveron o doutoramento no marco do PDIEL son convidadas a congresos, coloquios e outros eventos de investigación, así como a colaboracións publicacións conxuntas.

ENGADIR

A análise do criterio baséase en:**Evidencias:**

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
NON PROCEDE.	
....	

4. PLAN DE MELLORAS
(Ver Anexo IV)

**ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS
(modelo de acción de mellora)**

Accións institucionais (xestionadas na Eido-UVigo e EIDUC)

Accións resultado do informe(s) de verificación e modificacións de ACSUG (se procede)

NON PROCEDE.

Accións incorporadas en informe(s) de seguimento anterior(es)

VÉXASE O AUTOINFORME 2020 E O INFORME DE SEGUIMENTO 2021.

Accións resultado do informe de avaliación do(s) seguimento(s) de ACSUG (se procede)

No seu Criterio 4, o Informe de Seguimento 2021 pediu crear a seguinte acción de mellora:

Fomento das estadías do profesorado en centros de investigación internacionais

A CAPD non considera necesario implementar unha acción específica de mellora neste eido, polas seguintes razóns:

- Os datos sobre a mobilidade do profesorado incluídos no Autoinforme de 2020 eran incompletos, polo que a ACSUG non puido acceder á información real dispoñible xa daquela, que reflectía unha actividade frecuente do profesorado en centros de investigación internacionais.
- Do mesmo xeito que naquela ocasión, nin os informes actuais dos IPDs nin as táboas do anexo recollen de forma sistemática esta información.
- Con todo, a CAPD ten constancia de que unha parte significativa do profesorado participante no programa forma parte de proxectos de investigación financiados, redes de colaboración internacionais, ou pertence a institutos e centros con proxección internacional, o que supón, por si mesmo, a necesidade de realizar estadías ou mobilidades periódicas.
- A participación do profesorado en eventos internacionais —como seminarios, congresos ou coloquios— é tamén elevada e sostida no tempo.
- Existen, ademais, diversos incentivos que favorecen esta mobilidade, tanto a nivel institucional (axudas propias das universidades), como a través de proxectos de investigación e programas estatais específicos (Salvador de Madariaga, Iberoamérica, entre outros).

Por último, o proceso de modificación da memoria co obxectivo de elaborar o informe de renovación da acreditación atópase practicamente rematado, pendente só da aprobación definitiva por parte das universidades implicadas. A versión actualizada da memoria xa incorpora diversas melloras que contribuirán, sen dúbida, a consolidar e reforzar a mobilidade internacional do profesorado do programa.

Accións adicionais resultado das análises deste informe de renovación da acreditación (se procede).